

MEMORIA XERAL

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN
2022_2023



Índice

	Páxina
1. Presentación e xustificación	2
2. Datos do centro	
3. Actuacións no verán, previas ao comezo de curso	4
4. Avaliación dos obxectivos propostos na PXA	
5. Outros obxectivos acadados.	5
6. Obxectivos pendentes	6
7. Análise da evolución académica na etapa de infantil	
8. Análise da evolución académica na etapa de primaria	17
9. Equipos e Departamentos	34
10. Outros proxectos do centro	69
11. Funcionamento dos órganos de goberno	75
12. Organización pedagóxica	
13. Colaboración con outras entidades	
14. Recursos e materiais	
15. Actividades de formación do profesorado	76
16. Organización próximo curso	



1_ Presentación e xustificación.

De acordo co establecido no capítulo I, apartado 5 da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02-09-97), o Equipo Directivo do C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín, previo informe do profesorado do Centro, elabora esta memoria na que pretende recoller o grao de consecución dos obxectivos fixados na Programación Xeral Anual, as dificultades atopadas e as medidas correctoras introducidas, se é o caso.

2_ Datos do centro.

Datos xerais

- 15001124 CEIP Francisco Vales Villamarín – Betanzos (A Coruña)
- Rúa Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A Coruña)
- Tlfno 881880237 – Fax 881880240
- ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/>

Número de unidades: 43 Totais: 12 de infantil e 31 de primaria.

Datos numéricos do profesorado: 14 docentes en EI e 30 en EP

Filoloxía Inglesa:	4
Filoloxía Francesa:	1
Educación Musical:	2
Educación Física:	4
Pedagogía Terapéutica:	6
Audición e Linguaxe	3
Departamento Orientación	2
Relixión Católica	3
Profesora PROA	1

TOTAL PROFESORADO: 69 (*Dúas docentes compartidas con outros centros)

Datos numéricos do alumnado. A distribución por niveis, ciclos e etapas é a seguinte:

INFANTIL	2º CICLO		Grupo a	Grupo b	Grupo c	Grupo d	Total nivel	T: 245
		4º	20	22	21		63	
		5º	20	22	22	20	84	
		6º	25	25	23	25	98	

PRIMARIA		Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D	Grupo E	Grupo F	T. nivel	T. 708
	1º	21	21	20	20	21	--	103	
	2º	25	24	24	24	24	--	121	
	3º	22	22	21	22	23	--	110	
	4º	24	25	25	24	25	--	123	
	5º	23	21	22	22	22	--	110	
	6º	24	23	23	23	24	24	141	

Total alumnado centro

953



Distribución de profesorado por titorías, especialidades, niveis e ciclo: 5.2.4. Distribución de grupos e profesorado

Educación infantil 2º ciclo				
Profesorado titor		Profesorado especialista		
4º nivel			Domínguez Lorenzo, Manuela	Orientadora
	a	Criado Vázquez, Dolores	Lucas Castrillón, Mª Fernanda	AL
	b	Carro Vázquez, Eva María	Neira Varela, Silvia	PT
	c	Saavedra Miño, Sonia	Gil González, Nerea	PT *
5º nivel	a	Crespo Pérez, Mª Francisca	Veloso Blanco José Luís	Inglés
	b	Barros Reimúndez, Marina	Fariñas Sanjurjo, Mª Virtudes	Apoio 4º
	c	Suárez García, Mª Montserrat	Pérez Vázquez, Ana Mª	Apoio 5º
	d	Rilo Prieto, Ana Mª	Alba Sampedro López	Apoio 6º
6º nivel	a	Naya López, Eva Mª	Suárez Castiñeira, Mª Sol	Relix.católica
	b	Bouza Bedoya, Mª Esperanza		
	c	Fernández Faraldo, Ana Isabel		
	d	Nieto Herranz, Carolina		

Educación primaria				
Profesorado titor		Profesorado especialista		
1º nivel	A	Sánchez Varela, Mª Belén	Espiñeira Ruzo, Mª José	FI
	B	Ares Sánchez, Mª Jesús	González López, Mercedes	FI
	C	Bruzos Salgueiro-Díaz, Isabel	García Yáñez, Juan Ángel	FI
	D	Gómez Carballido, Fátima	Veloso Blanco, José Luíis	FI
	E	Barral Seijas, Leticia	Díaz Bautista, José Ángel	EF
2º nivel	A	Vázquez Freire, Mª Belén	Monzo Seoane, David	EF
	B	Taibo del Río, Paula Mª	Varela Pereira, Miguel Mª	EF
	C	Rey Busto, Beatriz	Villanueva Santos, Ana	EM
	D	Sánchez Veiga, Cristina (EM)	Mariño Santiago, Ana	Orientadora
	E	Miramontes Penas, Marta (EF)	Fernández Castrillón, Silvia	PT
3º nivel	A	Antelo Dono, Leopoldo (EM)	Galán Rodríguez, J. Ángel	PT
	B	Martínez Redondo, Yolanda	García Guzmán, Bárbara L.	PT
	C	Cal Rodríguez, Irene	Salgado Travanca, Ruth	PT *
	D	Bermúdez Meijide, Mª Azucena	González Vázquez, Susana	AL
	E	Rodríguez Pena, Mª Josefa	Pardo Couceiro, Rocío	AL
4º nivel	A	Ucha Sánchez, Natalia	Fernández Martínez, Ana Mª	Relixión cat.
	B	Barreiro García, Mª Inés	Rial García, Amaya Tamara	Relixión cat.*
	C	Crespo Naveira, Silvia Vanesa	Suárez Castiñeira, Mª Sol	Relixión cat.
	D	Pereira Ayude, Ricardo (EM)	Sánchez Amado, Alejandro	Director
	E	Rodríguez Darriba, Ivana		
5º nivel	A	Paz Rey, Alberto		
	B	Pedreira Díaz, Noelia		
	C	Bermúdez Meijide, Sonia Mª		
	D	Toimil Iglesias, Pablo		
	E	Martínez Duarte, Mª Luisa		
6º nivel	A	Abeijón Pouso, Juan José		
	B	López Carro, Lucía		
	C	Fernández Seijo, Mº Antonia		
	D	López Carro, Belén		
	E	Toral Garrido, Mª Mar		
	F	Fernández López, Begoña		

* Profesorado compartido con outros centros

Non figura na PXA a incorporación dunha mestra de PT compartida e con centro base no CEIP A Castellana_ ARANGA: Nerea Gil González, que impartiu clase en infantil os luns, mércores e venres.



3_ Actuacións no verán, previas ao comezo do curso

Foi preciso preparar a organización de inicio de curso e actuacións de mantemento e reparacións solicitadas.

4_ Avaliación dos obxectivos propostos na PXA.

Desenvolvéronse proxectos, solicitáronse actuacións e continuáronse ou iniciáronse novas actividades ao longo do curso.

- Realizouse a revisión e actualización de parte dos documentos que conforman o PEC, así como o deseño de proxectos e plans necesarios para o desenvolvemento de actuacións de mellora: actualización das NOFC, PEM (Plan Educativo de Mellora), PBE (Plan de Benestar Emocional).
- Continuouse co programa de Actividades Extraescolares, organizadas pola Asociación Cultural e Deportiva “CONCILIA”, mantendo en todo momento colaboración entre esta e o centro para a optimización do aproveitamento dos recursos.
- A xornada lectiva en sesión única de mañá continuou un curso máis.
- A planificación do centro levouse a cabo de novo coa implicación de todos os sectores da comunidade educativa (ANPA, Consello escolar, Concello de Betanzos, Coirós e Paderne, entidades culturais e deportivas,...)
- Transmitíuse información ás familias do alumnado do centro sobre o funcionamento xeral do mesmo para o inicio do curso. Tamén se informou sobre o seguimento do proceso instrutivo e formativo dos seus fillos/as.
- Seguíuse avanzando na dotación dos edificios, e solicitouse a axuda precisa para completar a obra iniciada nun dos dous bloques.
- Realizouse o mantemento de ambos recintos co arranxo de defectos e mellora de espazos. O Concello de Betanzos facilitou todas as medidas necesarias para acondicionar espazos de xogo (reposición do patio de 1º) e a cuberta do patio interior.
- Non foi posible realizar a revisión anual do Plan de Autoprotección e o simulacro de evacuación.
- Dentro da rede ABALAR, mantívose a infraestrutura dixital dispoñible, atendendo as incidencias que se presentaron e tratouse de aumentar os recursos audiovisuais e informáticos e os seus usos. As once unidades de 5º e 6º de primaria no Proxecto Edixgal continuaron por cuarto curso. Levouse a cabo o Plan Dixital do centro.
- Mellorouse a biblioteca, inscrita no PLAMBE, tanto nos seus espazos físicos e mobiliario coma no funcionamento.
- Realizouse o mantemento da Páxina Web do Colexio.
- Un curso máis, non foi posible continuar coa preparación e organización das VIII Xornadas de sensibilización e Formación para a Atención á Diversidade, en colaboración co resto de centros de ensino público de Betanzos, as súas ANPAS, o Concello de Betanzos e o CFR de Coruña. Tratarase de retomar este obxectivo en vindeiros cursos.
- O PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado) mantivo catro liñas de actuación. Fomentouse e promoveuse a formación e perfeccionamento do profesorado dentro do centro ademais da formación individual.



- Contratos- Programa volveu a ser un dos proxectos que atendeu parte das nosas necesidades: Participamos no programa RECUPÉRA_T nos niveis de 3º a 6º de primaria, contando cunha profesora especialista de PT que atendeu en media xornada. Co proxecto PROA+, un grupo de alumnado recibiu apoio dentro da aula para mellorar os seus resultados, estratexias e autonomía. CP INCLÚE permitiunos desenvolver medidas que atenderon ao desenvolvemento afectivo, social e cidadá do alumnado, o xogo e a atención do alumnado con NEE, así como dotar co material específico os xogos do patio e da aula multisensorial. E CP INNOVA fomentou a saúde e a sostibilidade, desenvolvendo actividades de participación activa do propio alumnado na creación de hábitos de futuro saudables e de respecto polo medio.
- En innovación educativa, continuamos coas modalidades de *Proxecto Deportivo de Centro* (“*Vales Activo*”) potenciando prácticas e hábitos para unha vida activa e saudable dentro da iniciativa PROXECTA+.
- O Proxecto de Educación Responsable continuou un curso máis, como centro graduado. O claustro tivo acceso á formación e aos recursos da plataforma da Fundación Botín para aplicar as metodoloxías didácticas encamiñadas ao desenvolvemento cognitivo, social e creativo do alumnado, en colaboración coa Consellería de Educación.
- Continuouse co Proxecto de Robótica, desenvolvendo programas a partir dos intereses do alumnado, relacionados coa programación dos niveis de 5º e 6º de primaria.
- O Proxecto Voz Natura seguiu traballando a ecoloxía e a horta cuns excelentes resultados.
- As SECCIÓNS BILÍNGÜES na materia de Plástica, no 6º nivel de E. Primaria (seis grupos), que terán continuidade no vindeiro curso 2023-2024, perseguiron de novo a mellora da competencia lingüística. Contamos esta vez coa auxiliar de conversa.

5. Outros obxectivos previstos para o curso.

- O centro recibiu a medalla de prata da cidade, outorgada por unanimidade polo Concello de Betanzos, en recoñecemento á súa labor de formación e educación continuada ao longo de 50 anos.
- Durante todo o curso, o colexio estivo inmerso na celebración do 50º aniversario da súa creación, desenvolvendo unha serie de actos de distinta índole, nos que se implicou toda a Comunidade Educativa (actos de difusión cultural relacionados coa educación e con ilustres educadores coma Francisco Vales Villamarín, reedición do xornal escolar despois de máis de dez anos, actos oficiais de recoñecemento por parte de autoridades, actos musicais e de entretemento, exposicións, xuntanzas,...). Colaboraron entidades públicas e privadas na difusión, dotación e doazón para levar a cabo os propósitos.
- Celebrouse de novo a carreira solidaria, unha iniciativa consolidada de axuda social, en colaboración coa Cruz Vermella de Betanzos. Esta vez organizada polo Departamento de Educación Física e pola Comisión 50 Aniversario, implicando a toda a cidade, con percorrido polo casco urbano.
- As charlas de Educación Viaria, que cada ano imparte a Policía Local ao alumnado de primaria realizáronse de novo, continuando así coa formación en seguridade.



- Impartíronse as xornadas sobre drogo-dependencia, coordinadas polos servizos sociais do Concello de Betanzos, dirixidas ao alumnado de 5º e 6º niveis de E. Primaria.
- O Pleno Infantil, que se ven celebrando cada ano no Concello de Betanzos, para conmemorar a Declaración Universal dos dereitos do/a Neno/a, coa participación de 6º nivel de primaria, retornou á súa dinámica presencial e celebrouse para trasladar as propostas infantís ao Pleno municipal.
- Leváronse a cabo as actividades previstas, relacionadas co medio ambiente en colaboración con distintas entidades, especialmente coa “Reserva da Biosfera, as Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo”, á que está adherido o Concello de Betanzos para a realización de actividades na contorna.
- Co servizo de turismo do Concello de Betanzos, continuamos coa iniciativa "Coñece o teu casco", "Visitas ao Arquivo municipal", "Xira aos Caneiros",... Tamén coas visitas ao CIEC, actividades que achegan ao alumnado ao coñecemento da súa cidade e contorna.
- Continuou o Programa de Alerta Escolar, cun Protocolo básico de actuación co alumnado que presenta enfermidade crónica no centro, dentro do marco de Convivencia Escolar.

Ademais, acadáronse outros obxectivos co desenvolvemento de distintas actividades que xa están recollidas na parte da memoria de EACE.

6_ Obxectivos pendentes.

- Actualización do Proxecto de Atención á Diversidade.
- Revisión do Proxecto Lector de Centro.
- Instalación de megafonía nos edificios que non teñen, nos patios e no pavillón do centro.
- Rehabilitación do bloque 2 do edificio A de Primaria.

7_ ANÁLISE DA EVOLUCIÓN ACADÉMICA NA ETAPA DE INFANTIL.

7.1. Educación infantil – 2º CICLO

7.1.1. Obxectivos e organización do ciclo de educación infantil.

Obxectivos	ACADÁDOS	NON ACADADOS
Realización de programación introducindo nas mesmas temas transversais e as conmemoracións oficiais.	X	
Fixar criterios de avaliación e elaborar rexistros.	X	
Coordinar o uso de materiais, espazos e recursos didácticos.	X	
Elaborar material de aprendizaxe correspondente ao nivel.	X	
Acadar a implicación das familias no proceso de aprendizaxe	X	
Acadar a coordinación das familias no proceso de aprendizaxe.	X	



Acadar a coordinación entre os niveis de Educación Infantil.	X	
Participar en programas de educación medioambiental.	X	
Programar actividades conxuntas cos alumnos-as de E. Primaria.		X

Tal e como debe ser en Educación Infantil, o horario foi flexible e estruturouse deste xeito:

- Hora de lectura.
- Asemblea.
- Traballo individual.
- Xogo libre.
- Merenda.
- Recreo.
- Traballos colectivos, quebracabezas, xogo dirixido.

Todas as semanas houbo dúas sesións de Inglés, unha de psicomotricidade, unha de alternativa ou relixión católica, unha de T.I.C.

7.1.2. Evolución por niveis:

Curso 4º EI

Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.

- Traballamos durante todo o curso o PDI do centro “Diversidade Cultural- Países Nórdicos”. Traballamos tamén un pequeno Proxecto de “animais”. Todos os materiais foron elaborados polas mestras do nivel.
- A lecto-escritura levouse a cabo cun método mixto

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

4º A

- O grupo consta actualmente de 20 alumnos. Ao longo do curso tivemos unha baixa no mes de novembro.
- En xeral, a maioría do alumnado acadou os obxectivos previstos, aínda que debido ao gran número de alumnado con necesidades resultou nalgúns casos complexo. Aínda así, algún alumno/a non acadou a maioría de obxectivos propostos.
- Na aula hai varios alumnos con necesidades:
 - Tres alumnos/as con diagnóstico TEA.
 - Un alumno en valoración polo Departamento de Orientación por posible trastorno na linguaxe, ademais de ter un comportamento disruptivo e complexo na aula. Acude, desde o 3º trimestre, ao Servizo de Atención Temperá.
 - Tres nenos/as mais con dificultades na linguaxe, que acoden ao SAT.

Todos estes alumnos precisan do apoio dos especialistas de PT, AL e ademais, dous deles precisan tamén de auxiliar coidador.



- Debido ao escaso número de persoal especialista de PT e AL, o alumnado con NEE da aula contou neste curso cun número insuficiente de sesións, non recibindo algún deles ningunha sesión de apoio. Así mesmo, polas características do grupo, é necesario mais horas de profesorado de apoio xeral na aula.

4° B

- O grupo está formado actualmente por 22 alumn@s.
- En xeral acadáronse os obxectivos previstos.
- Na aula hai un neno con NEAE:
-Un alumno con dificultades na linguaxe, valorado polo Departamento de Orientación e con diagnóstico da unidade de Atención Temperá. Acude dous días a esta unidade e no cole a unha sesión coa mestra de AL.(pendente de máis probas que para aclarar dito diagnóstico)

*Hai un neno que posiblemente para o curso que vén necesite da valoración por parte do Departamento de Orientación.

4° C

- Ao comezo de curso o grupo estaba formado por 21 alumnos/as, dos cales dous déronse de baixa e tivemos outros dous que se incorporaron durante o curso, quedando a mesma rateo.
- Os obxectivos programados foron acadados pola maioría dos nenos/as, agás por un neno que se incorporou por primeira vez ao centro a finais do segundo trimestre e actualmente está en fase de valoración de NEAE e será necesario que reciba medidas extraordinarias de atención á diversidade.
- Existe 1 alumno con NEAE que recibe apoio de persoal especialista en PT e AL e acude a Atención Temperá dúas veces a semana.

Valoración dos agrupamentos.

Hai que facer constar que os grupos deberían ser menos numerosos, solicitando unha rateo de 15 alumnos/as por mestre e máis apoios, tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado deste nivel.

Curso 5° EI

Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.

- Traballamos durante todo o curso o PDI do centro “Diversidade cultural: Australia”. Todos os materiais foron elaborados polas mestras do nivel.
- A iniciación á lecto-escritura levouse a cabo cun método mixto.
- Tamén utilizamos o libro de Matemáticas 2 da editorial Anaya ao longo dos tres trimestres.

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

5° A

- O grupo consta de 20 alumnos. Con data 18/01/2023 incorporouse un alumno procedente de Guatemala. Adaptouse ao grupo sen dificultade e remata o curso acadando os obxectivos programados.



- En xeral acadáronse os obxectivos previstos maioritariamente.
- Na aula hai tres alumnos con NEAE:

Un alumno con TEA, un con retraso madurativo e un alumno que presenta dificultades na área da linguaxe e da comunicación e hiperreactividade sensorial táctil que impacta na súa capacidade atencional (informe do SAT con data 10/04/23). Todos eles acoden semanalmente ao SAT, dous deles en Betanzos e outro na Coruña.

- Os tres alumnos seguirán necesitando o apoio dos especialistas de PT e AL. Un deles seguirá precisando tamén o apoio do persoal coidador pero o outro, pola súa autonomía co aseo persoal, podería prescindir deste apoio se consegue o control de esfínteres que a familia acordou traballar este verán.
- Número insuficiente de sesións das persoas especialistas de PT e AL. O número de horas de atención coa persoa especialista de PT é de 5 horas e media semanais para os tres alumnos e o número de horas de atención coa persoa especialista de AL é de 2 sesións de media hora para un dos alumnos e outras dúas sesións compartidas para os outros dous.
- Houbo unha alumna de Prácticum no primeiro trimestre.

5º B

- O grupo está formado actualmente por 22 alumn@s. No segundo trimestre incorporáronse dous: unha por primeira vez e outro que xa estivera escolarizado o curso anterior.
- En xeral acadáronse os obxectivos previstos maioritariamente, agás dous nenos que presentan NEAE.
- Na aula hai sete nen@s con NEAE:

-Un alumno diagnosticado con TEA que recibe apoio de persoal especialista en PT e AL, e precisa de auxiliar coidador.

-Un alumno, valorado polo Departamento de Orientación o curso pasado e diagnosticado polos servizos de saúde de Trastorno de Neurodesenvolvemento: compatible con TEA, á espera de diagnóstico definitivo. Debido ás súas características e a súa evolución, asiste á escola cun horario adaptado e recibe apoio de persoal especialista en PT e AL, e precisa de auxiliar coidador. Segue á espera de valoración por parte do EOE.

-Un alumno con deficiencia auditiva implantado a finais do curso pasado, que conta coa axuda dunha intérprete en lingua de signos (LSE). Este ano a mestra especialista en AL non puido ter sesións de apoio con el por falta de dispoñibilidade horaria (sí colaborou coa titora e a intérprete facilitando e elaborando material). Este alumno que xa estivera escolarizado o curso 2021-22 no centro, incorporouse novamente na última semana do segundo trimestre do presente curso procedente de Francia.

-Unha alumna con diagnóstico de Altas Capacidades.

-Un alumno que desde o curso pasado amosa conduta disruptiva e foi valorado polo Departamento de Orientación. Estase pendente da súa evolución.



-Unha alumna con trastorno fonolóxico da linguaxe.

-Unha alumna de incorporación tardía no segundo trimestre e con antecedentes de absentismo escolar.

- Debido ao escaso número de persoal especialista de PT e AL así como de coidadores, o alumnado con NEAE da aula conta cun número insuficiente de sesións, repercutindo no seu progreso e tamén no do resto de nenos e nenas da aula.

5° C

- Ao comezo de curso o grupo estaba formado por 22 alumnos/as, dos cales unha alumna causou baixa no segundo trimestre e outro alumno incorporouse no terceiro trimestre, quedando así a mesma ratio. Ao longo do segundo trimestre tamén contamos cunha alumna que se incorporou e causou baixa.
- Os obxectivos programados foron acadados pola maioría dos nenos/as, agás por un neno que presenta NEAE.
- Este alumno con NEAE conta con apoio de PT, AL e auxiliar coidador ao igual que outro alumno que tamén presenta necesidades.
- Hai tres nenos que presentan condutas disruptivas constantemente e ademais un deles, presenta a maiores condutas agresivas cos compañeiros/as.

5° D

- O grupo consta de 20 alumnos.
- En xeral, a maioría do alumnado acadou os obxectivos previstos, aínda que debido ao gran número de alumnado con necesidades resultou nalgúns casos complexo debido ás condutas disruptivas e a atención que precisa este alumnado.
- Na aula hai varios alumnos con necesidades:
 - Dous alumnos/as con diagnóstico TEA.
 - Un alumno con trastorno na linguaxe que recibe apoio do especialista en AL no centro e en horario extraescolar acude ao SAT.
 - Un alumno pendente de valoración.

Na aula reciben apoio dous destes alumnos por parte de PT e AL, un terceiro por parte de AL e ademais os dous diagnosticados con TEA precisan auxiliar coidador.

Valoración dos agrupamentos.

Hai que facer constar que, dada a elevada presenza de alumnado con NEE permanentes en cada aula, os grupos deberían ser menos numerosos, solicitando unha rateo de 15 alumnos/as por mestre e máis apoios (tanto mestres especialistas en PT e AL como coidadores), tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado deste nivel.



Curso 6º EI

Avaliación do desenvolvemento das unidades didácticas.

- Traballamos durante todo o curso o PDI do centro “ Diversidade cultural: China” así como un Proxecto sobre animais. Todos os materiais foron elaborados polas mestras do nivel.
- A maiores utilizamos o libro de Matemáticas 3 da editorial Anaya.

Avaliación dos grupos de alumnos/as.

6º A

- Acadáronse os obxectivos previstos para este curso escolar.
- Destacar que na aula hai 1 neno con NEAE que conta con apoio de PT e AL. e acude ao servizo de atención temperá do concello.
- Destacar tamén que na aula hai dous nenos de orixe senegalesa que contaron con apoio de AL (dúas sesións).
- Este curso houbo dúas novas incorporacións na aula. Unha a principio de curso e outra no segundo trimestre. Este último é de orixe senegalesa e non estivera escolarizado antes. Non coñece o idioma e recibiu dúas sesións semanais de A.L

6º B

- Acadáronse os obxectivos previstos para este curso agás unha nena con NEE.
- Destacar que na aula hai 3 nenos con NEAE-NEE que contan con apoio da titora ,PT e AL.
- Neste curso incorporáronse 2 alumnos no primeiro trimestre xa escolarizados noutra autonomía.

6º C

- O grupo está formado por 23 alumn@s.
- Maioritariamente acadáronse os obxectivos previstos para este curso escolar, agás un alumno con NEE derivadas de microcefalia, que conta con apoio de PT, AL e auxiliar coidador.

6º D

- Maioritariamente acadáronse os obxectivos previstos para este curso escolar, agás tres nen@s, dos cales dous foron valorados polo DO.
- Hai un alumno con altas capacidades (valorado polo DO).
- Incorporación de dúas nenas dende o comezo do curso.
- No primeiro trimestre houbo unha alumna de Prácticum.

Valoración dos agrupamentos.

Hai que facer constar que os grupos deberían ser menos numerosos, solicitando unha ratio de 15 alumnos/as por mestre e máis apoios, tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado deste nivel.

7.1.3. Psicomotricidade, TIC, obradoiro de linguaxe e apoios.

Psicomotricidade



- O desenvolvemento psicomotriz é un factor esencial no desenvolvemento xeral do neno, na súa autonomía, personalidade, adquisición de coñecementos e equilibrio. Unha das mellores formas de traballar a psicomotricidade na educación infantil é a través do xogo, acadando a evolución plena das capacidades do neno/a
- Fixouse unha sesión semanal de psicomotricidade en cada aula, traballada case sempre a través do xogo e tratando de recuperar algúns dos xogos populares. Ademais de traballar aspectos como esquema corporal, percepción espacial, coordinación dinámico-xeral..., tamén se traballou a linguaxe musical a través de bailes, secuencias rítmicas, dramatizacións,... adecuado a cada un dos niveis.
- A metodoloxía utilizada caracterizouse por ser global, activa, participativa, creativa, significativa e lúdica.

Tecnoloxías da información e comunicación

As Tics son un elemento cada vez máis indispensable na educación infantil e en constante contacto co alumnado que van favorecer a aprendizaxe, debido a gran motivación e interese que teñen os/as nenos/as nestas idades. Traballamos, principalmente a través de xogos na pantalla dixital e nalgúna ocasión co robot Escornabot.

En xeral, acadáronse os obxectivos propostos na programación de cada unha das aulas para acadar a competencia dixital marcada para os diferentes grupos de alumnos.

Algunhas das tarefas realizadas ao longo do curso con relación ás TICs foron as seguintes:

- Editar fotografías e vídeos das actividades realizadas no centro, en celebracións, conmemoracións, actividades extra- escolares,...
- Incrementar o interese dos alumnos para traballar, dun modo interactivo e visual, contidos diversos durante o curso.
- Achegar ás familias os traballos do alumnado a través da web de forma que poidan ser vistos por outros compañeiros, polos seus pais ou por eles mesmos. O alumnado e as súas familias poden consultar na nosa web as actividades realizadas nas celebracións, saídas, actividades extra- escolares, os seus propios traballos, as actividades da nosa biblioteca...
- Gravar e editar vídeos de actividades realizadas dentro e fóra do centro, así como a súa publicación na web e blogs do centro.
- Utilizar a pizarra dixital para presentar traballos relacionados con días concretos como: o Samaín, Magosto, día da Paz, día do Autismo, o día do Libro...
- Apoiar ás titoras no reforzo de contidos.

Apoio nas titorías

- En todo momento se mantivo a coordinación coas titoras do nivel e con outros especialistas que entraban nas aulas para reforzar a aqueles alumnos e alumnas que as titoras estimaron que precisaban atención máis individualizada nos aspectos da aprendizaxe que máis lles custaba.



- Tamén se prestou apoio en todas as saídas e mantívose a coordinación co resto do profesorado de apoio para colaborar na realización de actividades complementarias como Nadal, paz, etc.
- En todas as aulas se programaron actividades coincidindo con datas sinaladas como o día contra a violencia de xénero, o día de Rosalía...
- Tamén se aproveitou o horario de apoio para levar a cabo actividades de Voz Natura e do Plan Proxecta como a plantación e coidado do horto, acondicionamento do xardín con materias de refugallo, apadriñamento de plantas na aula, coidado de cágados, etc.

7.1.4. Especialistas.

Relixión.

- A profesora de Relixión en Educación Infantil de CEIP “Francisco Vales Villamarín” durante o curso 2022-23 foi María Sol Suárez Castiñeira
- Os nenos e nenas tiveron o seu primeiro contacto con Xesús e a súa familia podéndose sentir identificados con eles mesmos e as súas respectivas familias.
- Tamén tiveron a oportunidade de traballar algúns relatos da Biblia escoitando algunha historia, empregando unha linguaxe sinxela e comprensible para os máis pequenos.
- Neste curso acadáronse todos os obxectivos. Coñecer e respectar elementos relixiosos do entorno familiar, social e natural, sentíndose membros da comunidade a que pertencen; utilizar distintos tipos de linguaxe para expresar diferentes manifestacións, sentimentos e actitudes relixiosas; recoñecer e expresar accións dos cristiáns nas celebracións relixiosas así coma as diferentes posibilidades da comunicación con Xesús; ter una actitude de ledicia, colaboración e respecto no ámbito familiar e escolar; respectar, coidar e preocuparse polas persoas.
- En Educación Infantil traballáronse os contidos propios de cada nivel dándolles aos nenos o material adaptado a cada un dos temas da programación.

Inglés.

Durante este curso académico 2022-2023, a materia de Inglés en Educación Infantil foi impartida por JOSÉ LUIS VELOSO BLANCO nos tres niveis de 4º(LIÑA 3) E 5º e 6º (LIÑA 4), sendo en total 11 aulas. As clases tiveron lugar nas propias aulas, en dúas sesións semanais para cada grupo.

Dado que a materia que estamos a tratar aquí é unha lingua, o que se intentou é que os nenos e as nenas a adquirisen da forma máis natural posible, do mesmo xeito que ocorre coa lingua materna, e dunha maneira o máis lúdica posible tendo en conta a etapa educativa na que nos atopamos.

Na etapa de Infantil os contidos e obxectivos relacionados coa lingua estranxeira son de aproximación e desenvolvemento dunha actitude positiva cara ela, despertando así certa curiosidade pola existencia doutras



linguas diferentes ás do seu entorno máis preto, así como empezar a participar en interaccións moi sinxelas empregando dito idioma, respectando sempre as normas que rexen estes intercambios.

Tendo isto en conta, deuse importancia ao establecemento de certas rutinas na aula co obxectivo de que o alumnado empregase a lingua estranxeira en situacións sinxelas de comunicación, tales como saúdos e despedidas, instrucións diarias da aula, o tempo, días da semana, a data, as cores, número de compañeiros/as, partes da cara ou do corpo, animais, froitas, aniversarios...

As actividades dentro de cada unidade foron variadas, tanto para que o alumnado estivese motivado e expectante, así como para responder ás diferentes necesidades dentro da aula (tipos de personalidades - introvertidas ou extravertidas- e ritmos de aprendizaxe). Para este fin utilizáronse materiais como cancións, contos, vídeos, xogos de memoria e de encontrar a parella, “picture dictations” (ditados de debuxos), bingos, actividades con “flashcards” (tarxetas ilustradas), actividades TIC, etc., todos eles co obxectivo de desenvolver a comprensión do idioma e o paulatino emprego da lingua por parte do alumnado. Do mesmo xeito, intentouse que as actividades respondesen ás diferentes necesidades do alumnado con posibles NEE ou dificultades de aprendizaxe, adaptando as sesións ao que eles ían necesitado e botándolles unha man onde fixese falta.

Cabe dicir que ao longo do curso non se utilizou material de editorial, senón que a fabricación dos recursos didácticos estivo a cargo do propio mestre de Inglés. Isto permitiu adaptar de maneira máis específica os contidos á realidade máis próxima do alumnado, acadando deste xeito, maior motivación pola súa parte.

En conclusión, os nenos e nenas en xeral estiveron moi motivados co Inglés, mostrando na maioría dos casos unha actitude favorable cara a lingua estranxeira.

Por outra banda, como especialista de Inglés en Infantil gustaríame plantexar a posibilidade (recollida na Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022 do 8 de setembro) de cambiar a temporalización da materia de Inglés, pasando de 2 sesións de 25 minutos a 1 sesión de 50 minutos semanal. A estrutura básica nas sesións de inglés consta dunhas rutinas diarias, a exposición dun vocabulario específico, unha posta en contexto do mesmo mediante un conto ou canción por exemplo, unha práctica ou produción guiada a través de xogos, “roleplays”, teatros, etc., usando diferentes agrupacións (individuais, parellas ou grupos) e un peche no que resumimos e repasamos todo o aprendido durante a sesión. Considero que tanto pedagóxica como metodoloxicamente o desenvolvemento dunha sesión en 25 minutos (20 ou menos reais) crea moitas dificultades tendo en conta tamén que as clases son moi numerosas, e polo tanto penso que unha única sesión semanal de 50 minutos beneficiaría a aprendizaxe dos nenos/as.

Audición e Linguaxe.

- Para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado de EI contouse cunha mestra de AL adscrita a dita etapa (M^a Fernanda Lucas Castrillón) que, seguindo as directrices marcadas polo Departamento de Orientación e os criterios de priorización para o establecemento dos apoios, prestou apoio a



un total de 22 alumnos/as con necesidades educativas asociadas a retraso da linguaxe, dificultades da comunicación, aprendizaxe, retraso da fala, TEA e microcefalia.

- A resposta educativa ao alumnado NEAE por parte da mestra de AL foi levada a cabo tanto dentro coma fóra da aula ordinaria, durante sesións completas, a excepción daqueles alumnos/as con necesidades relacionadas coa linguaxe oral de carácter menos significativo que acudiron á aula de AL en sesións curtas de 25 minutos.
- A organización horaria estivo suxeita a modificacións pola chegada de matriculacións novas de alumnado con NEE e polo carácter transitorio das necesidades educativas, criterios pedagóxicos e/ou organizativos.
- Houbo alumnos/as de 4º, 5º e 6º de EI con diferentes dificultades na linguaxe e na fala (retraso da mesma, dislalias fonéticas e fonolóxicas) que non recibiron apoio individualizado (por falta de horario) quedando en lista de espera para o vindeiro curso. Así como un alumno con discapacidade auditiva que se incorporou na última semana do segundo trimestre e co que non houbo intervención propiamente ditra, senón colaboración coa titora e coa ILS para favorecer a comunicación do alumno e adquisición da LSE.
- O elevado número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e de alumnado con NEE neste curso, fan que sexa imposible prestar atención a todas as necesidades e realizar as intervencións que realmente serían necesarias para un axeitado desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos/as. Precisaríase aumentar o profesorado especialista en AL.
- Salientar a colaboración co DO, os diferentes servizos externos e a coordinación coas familias ao longo do curso.

Pedagogía terapéutica

- Neste curso 2022/2023, a etapa de educación infantil tivo adscritas dúas mestras de PT, sendo Nerea Gil González (compartida co CEIP A Castellana, acudindo ao noso centro luns de 9:00 a 14:00 e mércores e venres de 9:00 a 13:00) e Silvia Neira Varela, que se encontra a tempo completo na etapa. Tendo en conta as sesións dispoñibles e as necesidades, atendéronse a un total de 22 alumnos/as. A resposta educativa dirixiuse cara o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), prestando principalmente o apoio ao alumnado con necesidades educativa asociadas as necesidades educativas especiais (NEE) e discapacidade.
- A intervención das especialistas de Pedagogía Terapéutica foi levada a cabo dentro e fóra da aula ordinaria. Tal e como recolle o Decreto 374/1996 e a Orde do 8 de setembro de 2021, a intervención por parte do PT será normalmente na aula ordinaria, deixando a intervención fóra da aula ordinaria como unha opción excepcional que debe xustificarse. A duración das sesións foi de 30 minutos e de maneira individualizada na maioría dos casos. No caso dos agrupamentos de alumnado nunha mesma sesión correspóndese con criterios pedagóxicos e organizativos, agrupando só ao alumnado que comparta características e se poida beneficiar de esta. A organización horaria estivo suxeita a modificacións polo carácter transitorio das necesidades educativas, criterios pedagóxicos e/ou organizativos.



- As funcións do especialista de PT leváronse a cabo a nivel de centro, aula e alumno, destacando a estreita colaboración co DO, detección de necesidades, planificación de horarios para o alumnado NEAE, colaboración entre os distintos profesionais, organización de espazos e recursos, coordinación coas familias e intervención directa co alumnado.
- Debido ao elevado número de alumnado NEAE na etapa educativa de Educación Infantil houbo que priorizar a atención en función da importancia da casuística detectada. O anterior levou a que non todo o alumnado con NEAE puidese ser atendido o número de sesións que o departamento de orientación tiña previsto. De cara ao vindeiro curso as necesidades previstas mantéñense e incluso poden aumentar, polo que sería aconsellable que se puidese atender a todo o alumnado o número aconsellable de sesións. Isto podería implicar o aumento do número de sesións do profesorado de Pedagogía Terapéutica, o que da lugar a un aumento do persoal especialista nesta área.
- Destacar que o profesorado de PT cunha cunha soa aula específica que tivo que ser compartida entre as dúas profesionais e na que, por falta dun espazo diferenciado, segue a atoparse o Recuncho Multisensorial creado o curso pasado.
- A docente intérprete de signos iniciou a súa actividade cando se incorporou alumnado con discapacidade auditiva, que lle impedía o acceso a moita información así coma o acceso de xeito natural á comunicación oral. Presentaba algúns recursos comunicativos xestuais e visuais e non comprendía o proceso comunicativo, utilizaba signos aprendidos o curso anterior e aprendeu enseguida os novos signos.

Os obxectivos que se perseguían:

- Normalizar a situación da comunicación para facilitar o acceso ao currículo do alumnado con discapacidade auditiva favorecendo a accesibilidade o contexto no que se atopa.
- Mellorar o sistema de comunicación, neste caso a lingua de signos tanto o propio alumno coma os compañeiros.
- Establecer, cos equipos docentes e co departamento de orientación, canles de coordinación que posibiliten a adaptación das programacións didácticas facilitando información sobre materiais ou portais de internet que se adapten ó alumno.
- Fomentar a participación da familia no proceso de aprendizaxe do alumno.

Establecéronse rutinas e deseñáronse actividades diarias que obtiveron resultados positivos e visibles en todos os sentidos.

7.1.5. Informe final do período de adaptación (3 anos).

Na Orde do 22 de xullo de 1997 establécense unhas pautas para o Plan de Adaptación para o alumnado de E. Infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, que este ano segundo a *ORDEN de 20 de mayo de 2022, non se prolongará máis alá do 16 de setembro.*



Hai que resaltar que durante o período de adaptación contouse coa colaboración de todas as mestras de Apoio e de Inglés para que o proceso fose o máis doado posible. Por quendas e con adaptación de horario, o período de adaptación resultou satisfactorio.

7.1.6. Resumo curso escolar e avaliación.

Todo o ciclo participamos no PDI do Centro baixo o título: “Diversidade cultural”, traballando por proxectos todos os niveis.

Cada curso aumenta o número de alumnado NEAE no Centro o que xerou uns cambios tanto a nivel organizativo (espazos, recreo, recursos humanos,...) como na incorporación de persoal docente (dous PT) e non docente (unha coidadora a tempo completo e un compartido co IES Fco. Aguiar) que é totalmente insuficiente e non cumpre a rateo de 1 coidador por cada 6 NEE, polo que solicitamos o cumprimento desa rateo. Así mesmo, supuxo unha reestruturación de todos os apoios do Ciclo. Precisaríanse moitos máis recursos para mellorar a atención de todas as NEAE.

Destacar que neste curso empezamos a contar cunha persoa definitiva no Departamento de Orientación adscrita a Educación Infantil e Unitarias e a partir do 3º trimestre tivemos unha interprete de signos.

Atopámonos con varios atrancos no noso labor educativo:

- Falta de zonas de sombra e xogos exteriores totalmente insuficientes.
- A falta de xogos, supliuse por material aportado polas familias.
- Non hai WC na sala de usos múltiples, nin no comedor.

A avaliación do alumnado realizouse en tres fases:

- Enquisa de avaliación inicial por titorías.
- Listaxe de control con indicadores de avaliación de todos os temas.
- Informe final de nivel e informe de avaliación final de ciclo.

Comunicáronse os resultados a través de boletíns e modelos informativos asignados

8_ ANÁLISE DA EVOLUCIÓN ACADÉMICA DA ETAPA DE PRIMARIA

8.1_ Niveis

1º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante parte do primeiro trimestre, levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área a través da nova aplicación PROENS.

Ao longo do curso traballamos e investigamos sobre o noso país veciño, Portugal, seguindo a temática deste curso da PDI (A Diversidade Cultural).



O desenvolvemento da programación foi lento, principalmente nas áreas instrumentais, ás que tratamos de darlle maior peso no horario lectivo, repercutindo negativamente do desenvolvemento das outras áreas, que quedaron relegadas a un segundo plano.

Resultados académicos do alumnado.

Todos os alumnos e alumnas promocionan ao seguinte curso.

En 1ºA tres alumnos non alcanzan os obxectivos nalgunha área.

En 1º B tres alumnos non alcanzan os obxectivos nalgunha área.

En 1ºC dous alumnos non alcanza os obxectivos nalgunha área.

En 1ºD tres alumnos non alcanzan os obxectivos nalgunha área, un deles é un alumno en escolarización combinada con Adaptación Curricular..

En 1ºE non alcanza os obxectivos nalgunha área un alumno en escolarización combinada con Adaptación Curricular.

Apoio ao alumnado con NEAE.

	1º A	1º B	1ºC	1º D	1ºE	TOTAIS
PT	4	2	2	5	3	16
AL	6	1	1	3	3	14

Número de alumnado con NEAE por aula.

	1ºA	1ºB	1ºC	1ºD	1ºE
Nº alumnos	4	3	2	3	1

Ademais, debido as necesidades do noso alumnado, foi necesaria a presenza de dúas coidadoras nas aulas de 1ºA, 1ºD e 1ºE.

Comunicación coas familias.

As reunións coas familias tiveron lugar ao comezo do curso (unha antes do inicio das clases, en setembro, con todas as familias de primeiro e outra coas familias de cada grupo-clase no mes de outubro).

Por outra banda, as titorías foron realizadas dentro do horario destinado para tal fin (os martes, de 17.00 a 18.00).

Coordinación dentro do curso.

A coordinación entre o profesorado do nivel foi moi satisfactoria, traballando nun clima de comunicación, respecto e cooperación. A coordinación entre niveis e co resto de equipos do centro manifestouse principalmente á hora de traballar as conmemoracións establecidas e na organización das actividades complementarias levadas a cabo.

Propostas de mellora.

Rehabilitación da zona de herba do patio de 1º, que agora mesmo non ten ningún uso. Acondicionar o espazo para que nenos e nenas poidan xogar e experimentar.

Aumentar os apoios para o alumnado con NEAE.



Levar a cabo un obradoiro de xestión das emocións e habilidades sociais e algún taller para mellorar a convivencia no centro.

Imantar as paredes de primeiro para colocar os traballos dos nenos e nenas.

Cambiar a sirena de entrada e saída por música.

Mellorar o alcance da sirena para que poidamos escoitalo no edificio de primeiro.

Coordinación entre os coordinadores dos diferentes equipos de centro, para que non se solapen actividades, para que estean baseadas no PDI do centro.

Coordinación interniveis, non só entre EI e 1ºEP, senón en cada cambio de nivel ou ciclo.

Mellorar a difusión das diferentes actividades que se levan a cabo, comunicándollas aos representantes de cada equipo. Facilita non só a difusión senón que todos/as saibamos o que se está a traballar (que pode ser aproveitable para outros niveis), para amosar o noso bo facer nos blogs de centro, para a memoria de cada equipo,...

Facilitar un tempo de intercambio de prácticas educativas entre o profesorado do centro.

2º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante a primeira quincena do mes de setembro, levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área. Os estándares de aprendizaxe, así coma os seus mínimos respectivos, foron establecidos tendo en conta os resultados da avaliación inicial do alumnado.

Agrupamos ás áreas de Lingua galega, Sociais, Naturais e Plástica. Iso significou a elaboración de actividades competencias que englobaron a maioría dos estándares destas áreas.

Nas áreas de Matemáticas e Lingua Castelá, priorizamos os estándares relacionados coa linguaxe oral, lectura e comunicación escrita.

Na área de Matemáticas continuamos cunha metodoloxía manipulativa, que xa iniciamos o curso anterior, principalmente co uso das regletas e potenciando a descomposición numérica e o cálculo como base para as demais aprendizaxes da área.

Resultados académicos do alumnado.

Os resultados acadados polo alumnado do 2º nivel foron favorables, polo que todos os alumnos e alumnas promocionan ao seguinte curso, a excepción dunha nena de 2ºA que se incorporou o 15 de maio con case todas as áreas suspensas dos cursos anteriores, cun informe onde aconsella a repetición pero sen documento de reforzo.



Apoio ao alumnado con NEAE.

	2º A	2º B	2º C	2º D	2º E	TOTAIS
PT	1	1	2	4	4	12
AL	1	1	4	0	3	9

En 2ºB outro neno tiña autorización familiar de apoio escolar por parte dos especialistas, pero no segundo trimestre non se estivo a levar a cabo, xa que a idea era “aproveitar o apoio” que había na clase pero no foi posible levalo a cabo. A Orientadora avisou á familia, realizábase apoio pola mestra titora. Pero de cara ao curso que ven será preciso facer apoio por mestre especialista.

En 2ºA hai un alumno pendente de valoración psicopedagóxica dende o primeiro trimestre así como outro alumno do que a titora solicita valoración para o próximo curso.

Comunicación coas familias.

As reunións coas familias tiveron lugar coas familias de cada grupo-clase no mes de outubro.

Por outra banda, as titorías foron realizadas dentro do horario destinado para tal fin (os martes, de 17.00 a 18.00), ben de xeito presencial ou ben de xeito telemático.

Coordinación dentro do curso.

A coordinación entre o profesorado do nivel foi bastante satisfactoria, traballando nun clima de comunicación, respecto e cooperación. As titoras e titoras intentaron facer pequenas reunións semanais, para propoñer e coordinar actividades e proxectos, compartir dificultades,... o que resultou moi satisfactorio.

A coordinación entre niveis e co resto de equipos do centro manifestouse principalmente á hora de traballar as conmemoracións establecidas e na organización das actividades complementarias levadas a cabo. Neste sentido cabe sinalar que non hai unha boa comunicación entre os diferentes equipos, e que a reunión interequipos non está resultando totalmente satisfactoria (actividades que non se comunican con tempo, actividades que se acordan na reunión pero que despois se modifican, outras que non se levan adiante,...)

Tamén se contou coa colaboración das familias, as cales foron implicadas nalgunha das conmemoracións traballadas, así como nalgunha que outra tarefa de aula, a través da aportación ou elaboración de materiais para estas.

Propostas de mellora.

Solicitar máis persoal de PT e AL que atenda a todas as necesidades do alumnado, que nalgúns casos, como as dislalias quedan desatendidas.

Solicitar mestres titores que repercutan no horario do profesorado, permitindo reducir a carga horaria e posibilitando os apoios entre as aulas.

Cambios na entrada do alumnado: propoñermos que todo o alumnado cando chegue estea no patio, cando toque o timbre (que sería mellor cambiar por música) fan filas no patio exterior, so se chove no patio interior.

Cambios na saída do alumnado: facer so fila de bus (preguntámonos por qué non se fai ás 14:00 que é a hora de



saída, xa que agora a última sesión remata ás 13:45 como moi tarde, perdéndose 15 minutos de clase). Despois ir saíndo co resto do alumnado, acompañando ao alumnado ao comedor e despedindo ao alumnado que vai para casa na porta.

Habilitar unha zona de “patio con calma” (no punto 8) onde se pode xogar pero non correr nin dar berros (pódese xogar as bleis) con cartelería que así o indique, colocar máis bancos e mesas para xogar ao aire libre, rehabilitar o areeiro con xogos para manipular a area.

Poñer novamente en funcionamento o patio de cores, con cartelería con pictos para aprender a xogar.

Arranxar socavóns que hai no patio.

No punto 7/8 cando chove acumúlase a auga na reixa e fai poza.

Amañar o pavillón.

Amañar o bloque de 2º e 3º e especialistas (fiestras, pintura, illamento,...)

Compensar as actividades complementarias que se propoñan entre niveis, para que todos/as fagamos máis ou menos as mesmas.

Opinamos que os diferentes equipos educativos non están a funcionar correctamente pola redución horaria, por falta de implicación nos equipos aos que se está adscrito, a reunión de coordinadores non está a resolver o problema que tiñamos de non solapar actividades (propóñense actividades que despois non se levan adiante).

Buscar conmemoración máis variadas. As que aparecen no calendario escolar escoller en CCP cales imos celebrar todo o centro unido, outras celebralas bianualmente (é dicir, algunhas nos anos pares e outras nos impares) e achegar datas novas (que puideran ter relación co PDI, que puideran resultar atractivas para o alumnado,...) e outras celebralas só a nivel de aula.

Comedor: aínda que puidera non ser parte da nosa xurisdición, os conflitos e outras situacións que se dan neste ámbito afecta á relación no alumnado nas aulas. Polo tanto gustaríanos que TODO o alumnado comera no mesmo espazo, habilitando o comedor interior para o alumnado con neae. Procurar que sexa un espazo agradable onde se poida disfrutar da comida con amigos/as, falar, con tranquilidade (sen berros nin chifros).

3º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante a primeira quincena do mes de setembro, levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área. A programación foise desenvolvendo de forma correcta durante todo o curso académico.

Todo o alumnado promociona por ser o primeiro curso do segundo ciclo.

Resultados académicos do alumnado.

3º A	3ºB	3ºC	3º D	3º E
. 3 alumnos	. 2 alumnos	. 2 alumnos	.1 alumno promociona	. 1 alumno suspende 2



suspenden 1 materia.	promocionan con 3 materias suspensas. .1 alumno suspende 2 materias.	suspenden 1 materia.	con 6 materias suspensas. . 1 alumno promociona con 3 materias suspensas.	materias. .1 alumno suspende 1 materia.
----------------------	--	----------------------	---	---

Apoio recibido durante este curso ao alumnado con NEAE.

Os apoios distribuíronse do seguinte xeito:

3º A	3ºB	3ºC	3º D	3º E
2 alumnos recibiron apoio de PT e AL.	1 alumno recibiu apoio de PT e AL.	1 alumno recibiu apoio de AL.	3 alumnos recibiron apoio; 1PT e AL, 2 de PT.	2 alumnos recibiron apoio de PT.

Solicitude apoio previstos para o curso que ven

3º A	- PT y AL para dous alumnos. Engadir un alumno mais para PT.
3º B	-Manter apoio de PT e AL para 1 alumno. -Engadir dous alumnos con necesidade de apoio dun PT. -Apoio a dous alumnos con altas probabilidades de dislexia. -Apoio para un alumno con TEL.
3º C	- Continuar cos apoios deste curso.
3º D	-Aumentar os apoios de AL (1 alumno) e PT (3 alumnos).
3º E	- PT para 2 alumnos (aumentar sesións). Queda pendente informe por parte do DO dun alumno (pendente dende o primeiro trimestre).

Comunicación coas familias.

As titorías leváronse a cabo de maneira telefónica e presencial.

Coordinación dentro do curso.

Quedou concretada na PXA. Todos os terceiros martes de cada mes houbo unha reunión de coordinación dos mestres adscritos ao nivel. O profesorado titor acudiu ás distintas reunións para facer o seguimento do proceso ensino- aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Formación do profesorado:

Algúns profesores do nivel participou en diferentes conferencias, charlas, cursos de formación e seminarios que se deron ao longo do curso como parte do PFPP.

Propostas de mellora.

Os mestres e mestras do nivel consideran oportunas, a modo xeral, todas aquelas opcións que se foron dando perante o curso. Aínda así propoñen:

- Renovar a infraestrutura obsoleta para poder acadar os estándares relativos as TICs.
- Renovar tamén o estado das aulas.
- Necesítase máis profesorado de apoio para o alumnado con necesidades específicas.



- Determinar no primeiro claustro do curso a selección de datas das conmemoracións para traballar ao longo do curso.
- Revisar o protocolo de choiva de cara ao vindeiro curso e as gardas de autobús de polas mañás.

4º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Estivo en todo momento conforme ós obxectivos xerais do nivel e da etapa e ó recollido no Proxecto Curricular de Centro, tal e como xa se especificou na PXA. Durante a primeira quincena do mes de setembro, levouse a cabo polo profesorado do nivel a redacción da programación didáctica e das actividades a realizar en cada área. A programación foise desenvolvendo de acordo co establecido a principios de curso.

Resultados académicos do alumnado.

Alumnos e alumnas que promocionan con algunha suspenso: 10 (2 deles por imperativo legal). Tres alumnos repiten curso.

Atención á diversidade.

Alumnos e alumnas que recibiron apoio de PT: 2 Alumnos que recibiron apoio en AL: 10

Comunicación coas familias Cada titora fixo unha reunión xeral coas familias e todas aquelas individuais que considerou necesarias e as que demandaron as familias.

Estas reunións foron de maneira presencial, dado que as condicións sanitarias así o permitiron. Tamén houbo comunicación telefónica e por mail coas familias.

Coordinación dentro do nivel.

O profesorado do nivel estivo coordinado no desenvolvemento da programación.

No que se refire ás titoras, cada unha estivo encargada de programar unha ou varias áreas.

A coordinación co resto de niveis e cos equipos do centro levouse a cabo a través dos representantes do nivel nos distintos equipos do centro. Fíxose sobre todo nas actividades xerais do centro.

Formación do profesorado

- O profesorado do nivel participou en algunhas das liñas do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).
- Curso de Formación: Elaboración de programación coa aplicación PROENS, Matemáticas ABN, Xornadas de bibliotecas escolares, “Biblioteca escolar activa”. Curso Formación TEA.

Propostas de mellora.

Dende o equipo vemos a necesidade de ter unha liña pedagóxica e metodolóxica común a nivel de centro, por exemplo na área das matemáticas, sendo a formación do profesorado un aspecto importante para conseguilo.



Por outra parte sería interesante ter estipuladas as excursións principais para cada nivel.

5º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Todo o equipo de nivel levamos a cabo o previsto na PXA, colaborando na consecución dos obxectivos xerais de centro e participando en todas cantas medidas de xestión e administración nos requirían. Cada membro, representante dun departamento ou equipo, comunicou e xestionou as actuacións necesarias para a mellor efectividade posible.

Dentro de cada aula, levamos a cabo os plans e proxectos que, como profesorado especialista e titores/as, acordamos a principio de curso, para desenvolver a programación didáctica do 5º nivel co maior aproveitamento de recursos dispoñibles (Voz Natura, Educación Responsable, plans de biblioteca, Edixgal, robótica,, Plans proxecta enfocados ao deporte e a alimentación saudable,...)

Entendemos que o desenvolvemento da programación didáctica foi acorde cos obxectivos básicos e cos estándares marcados, acadando uns resultados finais notablemente satisfactorios. Desenvolvéronse os contidos específicos de cada trimestre e acadáronse os resultados nas competencias clave de forma satisfactoria.

Resultados académicos do alumnado.

Rematada a avaliación, o cen por cento do alumnado matriculado neste nivel obtivo a promoción.

Atención á diversidade e metodoloxía.

Contamos coa colaboración do DO, con apoios de PT, AL e PROA, así coma o da persoa cuidadora para atender ás necesidades máis importantes e levamos a cabo actividades e tarefas que permitiron a participación activa e a atención das distintas particularidades:

A partir dos proxectos seleccionados (PDI, aliméntate ben,...) deseñáronse tarefas por competencias, que implicaban varias materias e permitiron obter maior estimulación e unha participación activa do alumnado.

Fixemos fincapé na competencia lingüística, levando a cabo actividades de fomento da lectura, mellora na comprensión e expresión e alfabetización .

Ademais do resto de competencias, a dixital mellorou moio ao longo deste curso cos plans de Edixgal e Robótica.

Continuamos reforzando a dedicación ao benestar emocional do alumnado e á colaboración coas familias neste ano de restricións e contaxios, facilitando a combinación de traballo presencial e a distancia, flexibilizando as datas de entrega de traballos ou probas escritas e sempre tendo en conta cada caso particular.

Participamos na formación para coñecer como funciona a radio.O obxectivo é formarnos e poder usar esa ferramenta.

No último trimestre fixemos un musical, o Vales a través da música desde a década dos setenta á actualidade.



Finalizar dicindo que a convivencia entre o alumnado foi moi boa,. A cooperación e convivencia entre o profesorado do equipo foi plenamente satisfactoria.

6º Nivel de educación primaria

Programación xeral do curso.

Todo o equipo de nivel levamos a cabo o previsto na PXA, colaborando na consecución dos obxectivos xerais de centro e participando en todas cantas medidas de xestión e administración nos requirían. Cada membro, representante dun departamento ou equipo, comunicou e xestionou as actuacións necesarias para a mellor efectividade posible.

Dentro de cada aula, levamos a cabo os plans e proxectos que, como profesorado especialista e titores/as, acordamos a principio de curso, para desenvolver a programación didáctica do 6º nivel co maior aproveitamento de recursos dispoñibles (Voz Natura, Educación Responsable, plans de biblioteca, Edixgal, robótica, unidades bilingües en Plástica, Plans proxecta enfocados ao deporte e a alimentación saudable,...)

Entendemos que o desenvolvemento da programación didáctica foi acorde cos obxectivos básicos e cos estándares marcados, acadando uns resultados finais satisfactorios. Desenvolvéronse os contidos específicos de cada trimestre e acadáronse os resultados nas competencias clave de forma satisfactoria.

Resultados académicos do alumnado.

Rematada a avaliación, non todo o alumnado matriculado neste nivel obtivo a promoción, dous repiten, e cinco promocionan por imperativo legal.

Atención á diversidade e metodoloxía.

Contamos coa colaboración do DO, con apoios de PT, AL e PROA, para atender ás necesidades máis importantes e levamos a cabo actividades e tarefas que permitiron a participación activa e a atención das distintas particularidades:

A partir dos proxectos seleccionados (PDI, aliméntate ben,...) deseñáronse tarefas por competencias, que implicaban varias materias e permitiron obter maior estimulación e unha participación activa do alumnado.

Fixemos fincapé na competencia lingüística, en vista do baixo nivel ortográfico e do dominio da expresión oral, levando a cabo actividades de fomento da lectura, mellora na comprensión e expresión... A sesión de libre designación foi dedicada a talleres de ciencias da natureza. A sección bilingüe en inglés en Plástica reforzou a comunicación oral do alumnado dunha forma natural. Ademais, fomentamos as exposicións orais e as representacións para o mellor desenvolvemento de todas as capacidades relacionadas.

Ademais do resto de competencias, a dixital mellorou moio ao longo dos dous últimos cursos cos plans de Edixgal e Robótica.

Finalizar dicindo que a convivencia entre o alumnado foi moi boa. A coordinación foi imprescindible para levar



a cabo un traballo operativo a todos os niveis.

8.2_ ESPECIALIDADES

8.2.1_Lingua estranxeira: inglés

Obxectivos

Os obxectivos marcados na PXA para o proceso da aprendizaxe da lingua estranxeira foron acadados maioritariamente pola totalidade do alumnado permitíndolles chegar aos mínimos esixibles en cada un dos niveis. A porcentaxe de alumnado que non chega a acadar cualificacións positivas representa un 5,04% do total do alumnado, observando que a porcentaxe medra progresivamente co incremento dos cursos (nos primeiros e segundos 2,20% nos terceiros e cuartos 5,57% e nos quintos e sextos 7,11%). Podemos concluír que isto pode deberse ao incremento de dificultade, á perda de interese ou á falta de esforzo e motivación.

Contidos e metodoloxía

No nivel de Educación Infantil traballouse sen libros, utilizando recursos dixitais, material creado polo propio mestre, contos, xogos, cancións,...

En primeiro de Educación Primaria, utilizamos o libro **Kids Can!** da editorial Macmillan, só o libro do alumno. Impartindo docencia neste nivel un especialista e dúas titoras coa especialidade.

En segundo usamos o libro, **Poptropica** da editorial Pearson, pero neste nivel o libro do alumno e o libro de actividades.

A metodoloxía utilizada nos cursos de primeiro e segundo de primaria foi baseada no uso combinado do libro de texto e fichas con xogos, vídeos, chants, rhymes, etc, cos que se asimilaron ordes directas e rutinas básicas, traballando así a comunicación oral e escrita. Nesta etapa asimiláronse as estruturas básicas diarias que se utilizarán durante toda a etapa de Educación Primaria como pedir permiso para ir ao baño, abrir ou pechar as portas e fiestras, saúdos, pedir perdón, presentarse, etc.

En terceiro de Educación Primaria utilizouse o manual da serie Kids Can! 3 da editorial Macmillan, tanto o Pupil's book como o Activity .O mestre subía os recursos multimedia do manual empregado na Aula Virtual.

En cuarto nivel utilizouse o Activity book da serie **Kid Can! 4** da Editorial Macmillan, e o Pupil's book en concepto de empréstito, tamén o caderno do alumno para as actividades escritas e fichas proporcionadas polos mestres. Os alumnos reflexaron a través de murais moitos dos centros de interese sobre os que se traballou en cada unidade: a cidade, os hobbies e o ocio, o medio ambiente, os deportes, a música,... E procurouse fomentar a lectura en lingua inglesa con libros adaptados ao seu nivel tipo dicionarios de imaxes, pequenas narracións, contos,...que se usaban tanto nos momentos de lectura individual como colectiva. E subiuse á Aula Virtual todo material audiovisual complementario de cada tema; vocabularios, historietas, cancións,...

En 5º e 6º utilizamos o material da plataforma Edixgal para a lingua inglesa. Das editoriais que teñen contidos de inglés na plataforma, este curso optamos polo material de Netex e AulaPlaneta por consideralo de mellor calidade e máis axeitado ás nosas necesidades que o das outras editoriais.



Como material complementario utilizamos o formato dixital de libro de texto de Richmond, serie **GO** para 5º e 6ª e o *activity book*. Tamén se usan con asiduidade páxinas web de exercicios online para escribir e tamén escoitar, actividade esta última que se fai de forma grupal e tamén de forma individual con auriculares. Teñen unha gran aceptación as actividades que fomentan a aprendizaxe gramatical ou de vocabulario en formato xogo con puntuación e as que poden participar en grupo. Ao longo do curso tamén fixeron traballos sobre os centros de interese tratados en formato dixital: powepoint, impress,... e por último destacar o gran interese mostrado por actividades de gravación que pensamos fomentan o proceso de mellora e auto corrección da lingua oral.

O alumnado de sexto compartiu correspondencia co alumnado do mesmo nivel do Ceip Ponte de Xubia, de Narón.

Todos os libros de texto usados en tódolos niveis contan con formatos dixitais que son usados de forma paralela e complementaria á versión en papel.

Actividades complementarias e de reforzo.

Ao longo do curso, coincidindo coas celebracións establecidas no calendario escolar, os alumnos participaron nas seguintes tarefas: Celebración do *Halloween*, Christmas, Carnival, Easter time, día da discapacidade e día da muller traballadora amosando a través da lingua, con cancións, ditos e feitos, como se viven estes eventos na cultura inglesa.

Con respecto ás actividades de reforzo para o alumnado de NEE ou con Adaptacións Curriculares, dicir que é o propio especialista de inglés quen elabora e aplica as medidas de reforzo necesarias sen contar con outros compañeiros especialistas para cada necesidade concreta, polo que hai que salientar que o noso traballo de reforzo, a pesar de poñer moito interese e vontade nel sentímonos incapaces de afrontalo coa profesionalidade requirida debido á nosa carga horaria e a ter que atender á par ao grupo clase.

Auxiliar de conversa

Durante este curso contamos coa presenza nos niveis de 5º e 6º dunha auxiliar de conversa de nacionalidade filipina.

Material

O departamento de Inglés, ano tras ano, realiza a compra do material necesario segundo as necesidades presentadas. Este curso adquiríronse algúns libros de lectura a través dos fondos da biblioteca co colexio. Estimamos necesario renovar moitos destes libros de lectura porque, polo uso e mesmo pola encadernación e deseño quedaron obsoletos. Nos niveis de quinto e sextos, ao poder acceder de forma dixital a páxinas libres e de bibliotecas amplíase a oferta de lectura engadindo que moitos deste libros inclúen a versión oral co que alumnado pode exercitar o pracer de ler ca práctica da comprensión oral.

En canto ao material informático das aulas; pantallas, ordenadores,... desde o departamento facemos o rogo que sempre estean acendidos e funcione correctamente porque na maioría das nosas sesións necesitamos ese apoio visual e auditivo.

Espazos e aulas



Durante este curso o alumnado de primeiro recibiu clase de inglés nas súas aulas. Os de segundo tiveron clases na aula de inglés habilitada na planta baixa do bloque B.. O rapaces e rapazas de terceiro utilizaron a aula de inglés do corredor dese nivel. En cuarto, todos os grupos acudían á aula de inglés do corredor dese nivel. Os quintos e sextos tiveron clase nas titorías por carecer de aula específica neses niveis.

Para o curso 23/24 esperamos recuperar a aula de Inglés do terceiro ciclo.

Propostas de mellora

En Educación Infantil solicítase un cambio de temporalización, pasando de dúas sesións de 25 minutos a unha sesión completa de 50 minutos.

Pedimos tamén que un dos postos de traballo provisional de Educación Infantil sexa unha vacante compartida coas dúas especialidades: educación infantil e idioma estranxeiro inglés. Como viña sendo estes últimos cursos.

8.2.2_Seccións bilingües de inglés en educación plástica

Durante o curso 2022-23, leváronse a cabo as seccións bilingües en educación Plástica nos seis grupos de 6º de primaria por parte do profesorado asignado e levouse a cabo a coordinación necesaria para poder facelo efectivo da maneira máis eficiente. Desenvólvense diversas actividades artísticas que contribuíron a desenvolver a creatividade, a expresión plástica e a comunicación en lingua estranxeira dunha maneira normalizada, ademais de contribuír ao desenvolvemento do Proxecto lingüístico do centro. Ademais, este ano contamos coa colaboración de Sofía, a nosa auxiliar de conversa en lingua inglesa procedente de Filipinas.

Obxectivos

O principal obxectivo que se busca dende as seccións bilingües é a exposición do alumnado ás linguas estranxeiras como medio de comunicación dende a infancia, a través do desenvolvemento das destrezas artísticas. Deste xeito, preténdese dar un enfoque práctico e comunicativo ás diferentes actividades levadas a cabo. O medio a través do que se establece esta comunicación é a arte. A través dela, articúlanse diversos proxectos artísticos que serven como pretexto para desenvolver a creatividade, a expresión plástica e a comunicación en lingua estranxeira.

Estes obxectivos xerais marcados, podemos concluír que foron acadados xa que o alumnado mostrouse motivado por utilizar a linguaxe plástica como medio de expresión rompendo medos, tabús e barreiras, e ademais, pouco a pouco foron introducindo a comunicación en lingua estranxeira dentro das súas rutinas de aula.

Metodoloxía

As sesións tiñan lugar na propia aula do grupo. Traballamos sen libro de texto e a maior parte das clases seguían o mesmo esquema. Comezábamos introducindo o autor ou temática que íamos a traballar a través dunha asemblea co alumnado. Esta servía como actividade de motivación e para descubrir que coñecementos ou experiencias previas posuía o alumnado en relación á temática a tratar. Despois,



realizabamos o seguimento dunha pequena presentación visual na que coñeciamos algo máis sobre o autor, a temática e o futuro proxecto a desenvolver. Finalmente, dedicabamos varias sesións a crear o produto final. Este produto final adoita ser unha lámina na que o alumno elabora a súa propia creación artística a través dunha determinada técnica ou elaborando a súa propia interpretación da obra dun autor.

Unha vez elaboradas, realizábase unha presentación das obras dentro da aula para que os alumnos puidesen valorar o traballo e creatividade dos seus compañeiros.

Durante este curso, empregamos gran variedade de técnicas artísticas como poden ser os degradados e superposicións con acuarelas, o puntillismo con rotuladores, a ilustración con diversos materiais artísticos, o “lettering”, o origami xaponés etc.

Actividades

Estes foron os algúns dos traballos que fixeron os alumnos durante este curso.

- Introducción ao vocabulario artístico a través do “lettering” e o debuxo.
- Samaín: Criaturas Máxicas Galegas
- Leandro Lamas: A escola dos nosos soños
- Origami Xaponés
- Expresamos as emocións a través da obra Kandinski
- Puntillismo impresionista: Vicent van Gogh
- Iniciación ao debuxo xeométrico con Paul Klee.
- Picasso: o retrato cubista.

Valoración final e propostas de mellora

A avaliación final das seccións foi positiva. Desfrutamos dun ambiente de motivación por gran parte do alumnado en relación ás experiencias artísticas e os resultados obtidos foron moi interesantes. En relación á parte comunicativa en lingua estranxeira, é innegable que durante unha hora á semana non é doado que os alumnos melloren dun xeito considerable a súa expresión oral, pero creemos que o feito de engadir o inglés nunha actividade lúdica como o arte, está a introducir o idioma na súa vida cotiá, nunha situación real de comunicación, o que é algo moi positivo.

En relación ás actividades, a valoración tamén foi positiva. O alumnado, en xeral, esforzouse por crear o seus propios proxectos artísticos con esforzo e traballo. Por outra banda, algúns deles foron máis alá, e engadiron o seu propio estilo e creatividade persoal como artista á obra realizada.

A axuda da auxiliar de conversa foi interesante. Propiciou que o alumnado contase cun apoio dentro de aula e que isto desencadease máis interacción en lingua inglesa nas intervencións orais do alumnado. Tamén serviu coma gran elemento motivador para eles, o que fixo que acudisen as materias en lingua



estranxeira con máis enerxía e dinamismo. Principalmente a súa función foi de guía no aprendizaxe dos alumnos e apoio dentro da comprensión e a expresión oral do alumnado.

Como propostas de mellora gustaríanos introducir algún proxecto cooperativo de creación de instalacións artísticas ou “Land Art” no futuro, ademais de seguir co proxecto artístico aplicado ata agora.

8.2.3_Educación física

1. ASPECTOS XERAIS TRABALLADOS EN CADA NIVEL

Primeiro nivel: desenvolvemento das habilidades perceptivo-motrices básicas a través de tarefas motrices habituais, variadas e múltiples, sempre en situacións de xogo.

Segundo nivel: desenvolvemento das habilidades perceptivo-motrices básicas a través de tarefas motrices habituais, variadas e múltiples, sempre en situacións de xogo.

Terceiro nivel: continuación do desenvolvemento das habilidades básicas e introdución dunha preparación xenérica predeportiva fomentando o traballo en equipo.

Cuarto nivel: continuación do desenvolvemento das habilidades básicas e introdución dunha preparación xenérica predeportiva fomentando o traballo en equipo.

Quinto nivel: adquisición de habilidades motrices específicas, desenvolvemento das capacidades físicas e preparación predeportiva.

Sexto nivel: adquisición de habilidades motrices específicas, desenvolvemento das capacidades físicas e preparación predeportiva.

Na iniciación predeportiva, intentamos presentar deportes pouco practicados polos alumnos de forma habitual (balonmán, bádminton, voleibol, hockey, rugby) e potenciar o uso de materiais alternativos como neumáticos, paracaídas, indiacas, zancos, etc.

Este curso un dos mestres de Educación Física continúa coa secretaría e un dos mestres é tamén titor de Educación Primaria.

Tamén recuperamos unha aula de Educación Física para impartir clases teóricas, aínda que non lle sacamos todo o partido posible.

Ademais das actividades propias da materia de Educación Física temos que subliñar a realización dalgúns actividades complementarias ao longo do curso:

- Celebración de xogos populares no **Magosto** en primeiro ciclo.



- Celebración da semana de “**Educación Vial**”, onde o alumnado trouxo patines, patinetes, etc. e aprenderon as normas de circulación, ademais de mellorar a súa práctica.
- Participación por 9º ano consecutivo no programa “**Tenis na Escola**”.
- Realización da “**Carreira Solidaria 2023**”, nesta ocasión fixemos unha andaina solidaria, co gallo do 50 aniversario do centro, abríndose a participación a todas as persoas de Betanzos e a súa contorna, coa recadación de miles de quilos de alimentos para Cruz Vermella, Cáritas e volvendo a ser unha xornada estupenda de convivencia e deporte.
- Semana de xogos populares na **semana das letras galegas**, tódolos niveis.
- **Saídas de fin de curso**, facendo xogos nas pistas deportivas e no parque do Pasatempo para celebrar o final do curso cos distintos niveis.
- Organización de xogos deportivos nos **recreos** en diferentes zonas do patio, con préstamo de material como balóns, cordas, etc. Realizándose competición deportivas (xadrez).
- Tamén o “**rocódromo**”, instalado no patio cuberto aumentou as posibilidades lúdicas nos recreos.
- “**Torneo mestres/as contra alumnado 6º Primaria**”, unha xornada lúdica e moi divertida para despedir aos nosos alumnos/as que marchan para o instituto. Tivo que ser anulado polo mal estado do pavillón.

Principais dificultades atopadas e suxestións para o vindeiro curso

Como aspectos que incidiron negativamente no normal desenvolvemento das actividades propias da Educación Física debemos destacar:

Aulas excesivamente numerosas con rateos moi altos (25 alumnos por aula, nalgúns casos). Isto condiciona o traballo diario do grupo; favorece a dispersión, a desatención e a aparición de condutas negativas; dificulta a creación dun clima de aprendizaxe tranquilo, sereno e sosegado e obriga ao profesorado a adoptar actitudes máis dirixistas e autoritarias para manter o control da dinámica do grupo. Coma nos últimos anos compartimos a aula de psicomotricidade no edificio de primeiro coas mestres de música, espazo insuficiente para facer unha clase con normalidade.

Necesidade de continuar coa axuda de profesorado de apoio para atender durante as sesións de E.Física ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, especialmente naqueles casos máis graves que precisen dun ambiente moi estruturado de traballo e dunha axuda continua para facilitar a plena incorporación deste alumnado na dinámica do grupo.

Deterioro do pavillón polideportivo. Continuamos con filtracións de auga, goteiras, mal estado das portas, o pavimento atópase deteriorado, enreixados laterais metálicos de ventilación rotos que poden causar accidentes. Resulta evidente que o uso tan intensivo que se fai desta instalación, non só polo alumnado do centro senón



tamén por outros colectivos e clubs, xera un certo deterioro que demanda un servizo de mantemento que permita aproveitar o uso do mesmo nas mellores condicións posibles.

8.2.4_Educación musical

Ana M^a Villanueva Santos: 1^oC,D,E; 3^oB,C,D,E; 4^o,5^o e 6^o de Ed. Primaria. Un total de 23 grupos con máis de 500 alumnos e alumnas.

Cristina Sánchez Veiga: 1^oA e 2^o Ed. Primaria. Especialista en Ed. Musical obrigada a coller unha titoría, pola falta de profesorado no centro. Imparte música en 6 grupos engadidos a unha titoría completada con 2 mestras do nivel que impartiron plástica e valores.

Ricardo Pereira Ayude: 1^o B Ed. Primaria. Compañeiro titor (con especialidade de Ed. Musical) que se ofreceu a asumir 1 hora de música.

Leo Antelo Dono: 3^o A Ed. Primaria. Compañeiro titor (con especialidade de Ed. Musical) que se ofreceu a impartir música na súa titoría.

OBXECTIVOS:

As programacións didácticas, enmarcadas no desenvolvemento do PDI “Diversidade cultural” foron acadados satisfactoriamente.

En canto ás ACI, durante o presente curso, un alumno de 5^o e dous de 6^o contaron con dita adaptación e foron superadas. Outras 2 ACI en 1^o non foron superadas.

Durante o presente curso académico impartíronse as sesións de música de 1^o- 2^o na aula do edificio B e as de 3^o- 6^o na aula de música do edificio A.

Acadáronse os obxectivos propostos agás os seguintes casos

6^o Ed. Primaria --- 6

5^o Ed. Primaria --- 2

4^o Ed. Primaria --- 4

2^o Ed. Primaria ---- 1

Como obxectivos principais aprender a gozar coa música, ritmo, percusión corporal, con obxectos cotiás, cantigas do noso folclore e das diferentes culturas, investigación sobre instrumentos propios das culturas de cada nivel, xogos musicais, concertos...

Traballamos a linguaxe musical de xeito ameno e coñecemos a varios compositores clásicos, contemporáneos, ao igual que do propio folclore. Tamén afondamos no coñecemento dos diferentes instrumentos da orquestra. Este curso dedicamos gran parte do tempo á interpretación musical cos instrumentos e o baile.

Recibimos apoio en diferentes aulas por parte dos titores ou coidadoras, xa as mestras de música non dispoñemos de horas para apoiarnos unha especialista de música a outra.



Como actividades complementarias podemos gozar das mostras do traballo que realizan diferentes entidades culturais e musicais da contorna e baile tradicional a cargo da EMUF de Betanzos.

O alumnado de 1º e 2º tiveron a oportunidade de asistir ao concerto de Pablo Díaz e cantar con el algúns temas coñecidos e outros novos.

O alumnado de 3º acudiu a unha actividade musical no IES Francisco Aguiar no que os alumnos de 3º ESO mostraron os seus traballos de investigación de música na Prehistoria.

3º, 4º, 5º e 6º acudiron a concertos no Palacio da Ópera, no centro Ágora e no propio centro.

En canto ás celebracións, na semana das Letras Galegas cantamos todos xuntos o Himno galego. Xunto coa agrupación Azougue que nos acompañou.

Actividades PDI:

Do mesmo xeito, dende a materia de música, participamos no Proxecto Documental “Diversidade cultural” achegando distintas actividades, investigación sobre instrumentos e cantigas típicas dos distintos lugares escollidos: 1º Portugal, 2º África, 3º América Sur, 4º México, 5º Xapón, 6º India.

Propostas de mellora

Propoñemos solicitar os titores necesarios para que non se repita a situación lamentable deste curso:

- Unha mestra especialista obrigada por inspección a asumir unha titoría e ter tan só 6 sesións da súa especialidade de maneira testimonial.
- Unha mestra especialista con 23 grupos (máis de 500 alumnos) á semana.
- Dous mestres titores impartindo a especialidade, para cubrir as horas da especialista que está na titoría...
- Non foi posible facer apoios con ANEAE por parte das mestras especialistas.

Seguimos sen ter un salón de actos axeitado, cómodo, práctico onde poder realizar actividades para gran grupo, concertos, obras teatrais, recitais, charlas... agora mesmo a invasión do comedor é tal que faise moi complicado a organización de calquera actividade deste tipo. Toda a sala de usos múltiples chea de mesas e cadeiras que hai que mover inevitablemente para poder acceder ao escenario, co esforzo físico e a perda de tempo que iso supón e que despois hai que deixar como estaba... é unha mágoa que non poñamos solución a este tema, xa que deixamos de facer moitas actividades moi enriquecedoras para o alumnado por mor de todos os inconvintes que supón. O Vales ben merece un salón de actos en condicións.

8.2.5_Relixión católica

En Educación Primaria, en primeiro e segundo e terceiro traballamos os contidos facendo uso dos libros de texto e nos cursos de cuarto a sexto utilizamos material didáctico adecuado a cada nivel e outras actividades relacionadas cos temas a tratar.



Ó longo do curso utilizáronse diversos materiais de apoio como fichas, mapas, xornais, revistas, música e elementos recollidos da natureza (follas, paus, conchas..) todo isto para mellorar a adquisición dos contidos por parte do alumno.

En tódolos cursos traballamos coa Biblia, facendo referencia a ela, pero é a partir de cuarto nivel cando aprenden a manexala por eles mesmos, sendo un recurso moi utilizado en tódolos demais cursos.

En Educación Primaria traballamos e seguimos os obxectivos indicados en cada nivel, e utilizáronse medios audiovisuais e outros recursos para ampliar e reforzar cada un dos temas.

En 1º de E.P viron a película “El arca de Noé”, así como cancións adaptadas ao tema a tratar , en 3º curso viron curtametraxes sobre as parábolas de xesús, en 4º curso “Joseph, el rey de los sueños” , y “La navidad de Ángela” en 5º la película de “Moisés, el príncipe de Egipto” e en 6º ”Little Boy”

O longo de todo o curso participouse nas actividades levadas a cabo no colexio con motivo da paz, traballamos no Nadal ambientando o colexio con motivo destas datas.

Como conclusión, dicir que o resultado deste curso 2022-23, foi positivo e polo tanto acadáronse todos os obxectivos marcados na programación.

9_ EQUIPOS E DEPARTAMENTOS

9.1_ Departamento de Orientación

Grao de consecución dos obxectivos propostos e valoración das actividades desenvolvidas

Ao longo deste curso escolar o departamento de orientación pretendeu contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e detectar as súas dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe; asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como ao profesorado, para mellorar a labor educativa de todos/as.

Pretendeu fomentar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro.

Parte dos obxectivos marcados polo DO a comezo do presente curso escolar desenvóléronse de xeito integrado no proxecto de centro “A Diversidade cultural” que pretende desenvolver os contidos curriculares de xeito interdisciplinar, conectando as distintas áreas de aprendizaxe e impulsando prácticas metodolóxicas activas que axudan a acadar as competencias clave.

O PDI escollido é unha escusa para acadar estas competencias pero non o escollemos ao chou, senón que segue un camiño trazado dende anos atrás para acadar outras competencias que fagan dos nosos nenos e nenas persoas máis completas, abertas, flexibles, solidarias, empáticas, soñadoras e críticas.

En relación ao *Plan de Acción Titorial* salientar que o DO contribuíu no desenvolvemento deste, ademais de colaborar no Plan de Acollida, a través da dinamización de actividades de acollida do alumnado de nova



incorporación en 4º de EI, 1º de EP e alumnado de incorporación ao longo do curso. Contribuíu tamén no desenvolvemento do Plan do “Paso á ESO”.

Desde hai xa algún tempo o noso centro está inmerso nun proceso de cambio pedagóxico intentando mellorar a nosa práctica docente co obxectivo de proporcionar unha ensinanza de calidade a todo o noso alumnado. Para poder acadar dita mellora comezamos a partir dunha axeitada formación do profesorado e o DO participou activamente no PFPP, principalmente na liña relacionada coa Formación integral do alumnado e na participación do Programa de Educación Responsable (Xestión de recursos).

Participou na formación e sensibilización sobre a diversidade co alumnado a través das actividades organizadas ao redor da conmemoración do 3 de Decembro, Día das Persoas con Discapacidade; e co profesorado a través dun Seminario de Atención á Diversidade.

Participou de xeito explícito na mellora da convivencia do centro a través do estudo da convivencia en diferentes aulas, a través da intervención na resolución de conflitos de convivencia con diferente alumnado e intervención nalgunha aula.

Pretendeuse optimizar o uso dos recursos do centro na procura da mellora da eficiencia e calidade dos procesos educativos e deseñar respostas educativas e planificar actuacións para a atención á diversidade e o alumnado con necesidade específica de apoio educativo: avaliacións psicopedagóxicas, apoios, reforzos educativos, etc.

Respecto da *atención á diversidade* e ao ANEAE:

Atención á diversidade	EI	EP	TOTAL
Número de alumnos con ANEAE no centro	47	207	254
Número de alumnos con apoio de Pedagogía Terapéutica (PT) contabilizando alumnado beneficiario de PROA+(EP)	18	70	88
Número de alumnos con apoio de Audición e Linguaxe (AL)	23	43	66
Número de aulas que contan coa colaboración doutro profesor coa dispoñibilidade horaria	0	9	9
Número de ANEAE con apoio de profesorado non especialista en PT/AL (nas especialidades)	0	6	6
Número de alumnos/as obxecto de avaliación psicopedagóxica	15	26	41
Número de alumnos/as obxecto de avaliación para seguimento e informe psicopedagóxico	15	14	29
Número de alumnos/as obxecto de informe sinxelo de avaliación DO	6	18	24
Número de alumnos/as obxecto de Ditame de Escolarización	1	12	13



Número de alumnos/as obxecto de valoración para Servizos Sanitarios	2	7	9
Número de alumnos/as con AC	0	12	12
Número de solicitudes ao Equipo de Orientación Específico	2	2	4
Número de alumnos/as que non promocionaron ao curso seguinte	0	7	7
Número de alumnos/as que flexibilizaron a súa escolarización por sobredotación	0	0	0
Número de alumnos/as que prolongaron a escolarización en EI	0		0
Número de alumnos/as que prolongaron a escolarización ao remate de EP		0	0
Número de alumnos/as para os que se solicitou flexibilización para o vindeiro curso	0	0	0
Número de alumnos/as que participaron en grupos de reforzo educativo	0	0	0
Número de alumnos/as de nova incorporación que participaron en grupo de reforzo con profesorado con dispoñibilidade horaria	0	0	0
Número de alumnado con seguimento por SS do Concello de Betanzos e Coirós	5	18	23
Número de alumnado con derivación a Servizos Sociais	0	1	1
Número de alumnado que precisaron de atención das coidadoras	15	7	22
Número de alumnos/as que participaron no PROA+	0	20	20

Todos os membros do Departamento participaron activamente nas propostas e decisións, recollendo a través das reunións de nivel as achegas e demandas das/os titoras/es e colaborando nas distintas actuacións levadas a cabo; o principal problema foi a imposibilidade de reunirnos semanalmente por establecer as reunións fóra do horario lectivo. As xuntanzas do Departamento de Orientación teñen como eixe fundamental facer un seguimento do alumnado (traballo - comportamento - rendemento), axudándoos nas súas necesidades, proporcionándolles apoios naquelas áreas que teñen dificultades e coordinando as actuacións en cada nivel, polo que, en moitas ocasións, ditas reunións tiveron que ser esporádicas e en momentos moi puntuais, non sendo o adecuado.

En relación ao desenvolvemento do *Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación* establecido para o presente curso escolar salientar que se levaron a cabo a totalidade das actuacións establecidas podemos destacar entre elas as seguintes aclaracións:



En relación ao alumnado:

- Os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe basearon a súa actuación con alumnado con NEE, a través da atención directa ao alumnado, na preparación de materiais adaptados e no asesoramento ás titoras e titores e ás familias do alumnado.
- Os horarios dos especialistas tiveron carácter aberto e flexible e estiveron suxeitos a modificacións ao longo de todo o curso. Así pois, introducíronse variacións froito de novas demandas de intervención, novas incorporacións,...
- O profesorado especialista elaborou informes individualizados de cada un dos/as alumnos/as atendidos/as, nos que se fai constar a programación de actividades realizada con cada un e os obxectivos previstos, así como a evolución do proceso de aprendizaxe. Ditos informes incorporáronse aos expedientes do alumnado no Departamento de Orientación.
- As Escolas de Educación Infantil de Coirós (EEI Coirós de Arriba e EEI Fontelo- Ois) integráronse nun só centro, EEI de Coirós, adscrita ao Departamento. Este curso compartimos a dotación de persoal de apoio, unha mestra PT acudía os venres cada 15 días.
- O centro conta coa dotación de unha profesora Intérprete de Lingua de Signos para a atención dun alumno con discapacidade auditiva.

Propostas de mellora

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos. So desde unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa acerca do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

En consecuencia, cara a planificación do traballo do vindeiro curso, deberemos ter en conta, ademais de proseguir, na medida do posible, con todas as actividades desenvolvidas este curso, os seguintes aspectos:

Respecto ao Plan anual de actividades do Departamento de Orientación.

Compre fomentar programas e accións encamiñadas á mellora da convivencia (educación emocional, habilidades sociais desde a titoría, mediación, traballo cooperativo e titoría entre iguais).

Compre fomentar no centro, desde o Departamento de Orientación, metodoloxías encamiñadas á mellora da atención educativa da diversidade do alumnado, dinamizando actividades e a formación necesaria para desenvolver traballo por proxectos, tarefas integradas, aprendizaxe cooperativo, enriquecemento curricular...



O DO comprométese a continuar a participar no Proxecto de Formación do Centro e contribuír na dinamización da formación de toda a Comunidade Educativa en relación a Atención á Diversidade.

Respecto á detección de necesidades educativas no alumnado e realización de avaliacións psicopedagóxicas.

O elevado número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o elevado número de demandas de valoración e a necesaria supervisión do alumnado con necesidades educativas especiais fan que sexa imposible atender a todas as demandas e/ou realizar as intervencións e asesoramento coa calidade precisada e desexada. Compre mellorar o procedemento de prioridade e actuación, e reflexionar sobre como acadar unha mellor operatividade.

É preciso realizar unha reflexión de todo o equipo docente encamiñada á detección das posibles causas das dificultades de aprendizaxe do noso alumnado para poder establecer plans de mellora encamiñados á prevención das mesmas.

Consideracións finais. Informe do departamento

O número de alumnado matriculado no noso centro, xunto coa alta incorporación de novo alumnado ao longo do curso escolar, moitos deles con NEE ou NEAE sen diagnóstico previo, fan que o amplo ámbito educativo que abarca o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín e as Escolas de Educación Infantil adscritas a el non pare de medrar. Isto colabora a que a labor do departamento sexa especialmente difícil e sexa moi complicado acadar a calidade desexada nas súas actuacións. Salientar que o departamento conta con 2 orientadoras, o que facilita o traballo e o seguimento do alumnado.

Resaltar o grao de colaboración e participación de todos os profesionais especialistas de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, moi implicados no proceso educativo do alumnado; grazas a isto foi posible acadar a labor orientadora necesaria en todos os aspectos que envolve á nosa comunidade educativa.

Ademais, de cara o próximo curso, e dada a alta presenza de alumnado NEE, deberíase aumentar o número de mestres especialistas tanto de Audición e Linguaxe coma de Pedagogía Terapéutica para poder responder adecuadamente ás necesidades máis graves.

MEMORIA AUDICIÓN E LINGUAXE CURSO 2022/23

ALUMNADO QUE RECIBE APOIO NO SERVIZO DE AUDICIÓN E LINGUAXE



Ao longo do curso 2022/23 o servizo de Audición e Linguaxe prestou atención educativa a un total de 71 alumnos. As intervencións leváronse a cabo dentro e fóra da aula, dependendo das necesidades do alumnado. Detállanse a continuación os alumnos que fixeron uso do servizo:

	Número de alumnos
4°EI	4
5°EI	11
6°EI	7
1° EP	7
2° EP	10
3° EP	5
4° EP	15
5° EP	7
6° EP	5
Total	71

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO TITOR

A coordinación co profesorado produciuse satisfactoriamente tanto a nivel individual coma grupal, nas correspondentes reunións dos órganos de coordinación docente, e reunións de avaliación.

A esixente distribución da xornada lectiva diaria dificulta a frecuencia e a profundidade da necesaria coordinación cos titores e profesorado de PT.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DO APOIO NO ALUMNADO

A consecución dos diversos obxectivos propostos para os distintos alumnos é moi diversa. Pode realizarse unha revisión exhaustiva nos diferentes informes individualizados realizados. En xeral, pódese falar dunha evolución positiva en diversos graos na maioría dos alumnos.

Detectáronse unha serie de aspectos organizativos e materiais que influíron negativamente no proceso de ensino aprendizaxe. Así, foi necesario realizar agrupamentos do alumnado nos que se alcanzou en ocasións a ratio máxima, e nos que rexistrou unha elevada heteroxeneidade nas características do alumnado.



En ocasións, non se contou con espazo para atender simultaneamente a todos os apoios por parte dos especialistas, sendo necesario recorrer ao uso compartido das aulas de apoio ou a espazos distintos onde non se conta cos recursos materiais das aulas de apoio.

PREVISIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO 2022/23

No curso 2023/24 sería moi necesario poder incrementar o número de sesións actuais de varios alumnos ao tempo que deseñar un novo horario que permita reducir a alta heteroxeneidade dalgúns agrupamentos. A todo isto engádese a necesidade de realizar intervencións individualizadas ou en pequeno grupo sobre a linguaxe oral para as que non é posible contar con sesións no servizo de Audición e Linguaxe.

A fin de mellorar a actuación do servizo de Audición e Linguaxe, plantexamos algunhas propostas de mellora:

- Valorar a necesidade de aumentar o número de mestres no servizo de Audición e Linguaxe de Educación Infantil e Primaria.
- Valorar a necesidade de perseguir maiores índices de coordinación e colaboración co profesorado.
- Valorar a necesidade de reflexionar sobre as condicións de implementación dos diversos protocolos co fin de optimizar o proceso de aprendizaxe do alumnado e os recursos persoais do servizo de Audición e Linguaxe. Por exemplo, equipos de traballo, seminarios, cooperación entre o DO e os titores na adaptación de materiais e probas escritas, banco de adaptacións, directrices CCP/DO
- Valorar a necesidade de lograr a sistematización das reunións do Departamento de Orientación, de tal maneira que o Servizo de Audición e Linguaxe poida coordinarse a nivel horizontal e vertical permitindo o fluxo de información e a participación na toma de decisións que afectan ao servizo.
- Valorar a posibilidade de contar co apoio de profesionais externos que complementen as intervencións dos servizos de PT e AL (terapia asistida con animais, asistencia expertos TEA, colaboración IES As Mariñas na elaboración de materiais).
- Valorar a necesidade de continuar coa formación en comunicadores dinámicos e a correspondente asistencia técnica permanente.
- Valorar a urxencia de renovación e actualización dos recursos tecnolóxicos (dotación de pantallas dixitais, actualización de software, unificación de contas nas tablets de cara a optimizar a xestión de aplicacións de pago).
- Valorar a posibilidade de continuar coa creación dun banco de recursos xestionado polo DO coa colaboración de expertos dos servizos externos que incluíse, entre outros, materiais estimulación e integración sensorial, tradutores dixitais, lectores, teléfonos/tablets que se poderían poñer nas diversas aulas de EP a disposición do alumnado (con necesidades educativas asociadas a TEA, dislexia, dificultades de aprendizaxe, procedente do estranxeiro...)



- Valorar a necesidade de contar con máis espazos no centro convenientemente acondicionados para a atención individualizada do alumnado. Establecer novas aulas de uso exclusivo para o apoio e mellorar a dotación das aulas multisensoriais.

Memoria PT

A memoria que a continuación se redacta é elaborada polas especialistas de Pedagogía Terapéutica que exercen as súas funcións na etapa de Educación Infantil e na Etapa de Educación Primaria no CEIP Vales Villamarín de Betanzos: Silvia Neira Varela, Nerea Gil González (en rexime de itinerancia), Silvia Fernández Castrillón, Ruth Salgado Travanca (en rexime de itinerancia), José Ángel Galán e Bárbara Liseth García Guzmán, seguindo as directrices ofrecidas na *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Alumnado con apoio de P.T.

No presente curso académico, un total de **18 alumnos/as de Educación Infantil e 44 alumnos/as de Educación Primaria** beneficiáronse do apoio de PT, distribuíndose por nivel como se pode observar na seguinte táboa:

NIVEL	ALUMNADO	SESIÓNS
4º EI	3	5 sesións de 30 min semanais
5º EI	9	34 sesións de 30 min semanais
6º EI	6	15 sesións de 30 min semanais
1º EP	11	16 sesións semanais (*)
2º EP	12	25 sesións semanais
3º EP	8	12 sesións semanais
4º EP	6	8 sesións semanais
5º EP	4	17 sesións semanais
6º EP	3	10 sesións semanais

(*) Unha das especialistas estivo en rexime de itinerancia durante este curso coa EEI Coirós, polo que ao total de sesións anteriormente indicado habería que engadir 4 sesións de apoio semanais, cada dúas semanas, dirixido ao alumnado de 1º de Primaria, debido á distribución horaria semanal acordada.

Coordinación co profesorado



Ao longo do curso houbo unha estreita coordinación co profesorado do alumnado que recibe o apoio, especialmente co profesorado titor e coa especialista de Audición e Linguaxe de cada neno/a, así como coa orientadora, coa finalidade de acordar que aspectos se traballan para non facelo de forma paralela e planificar conxuntamente as cuestións sobre as que se inciden.

Nesta liña é importante destacar á colaboración que tivemos con servizos externos como o EOE, servizos sanitarios e gabinetes privados e asociacións.

Con todo, é certo que en determinadas ocasións non hai o suficiente tempo para intercambiar esa información e coordinarnos de xeito adecuado, o que pode chegar a restar calidade ao apoio.

Repercusión das medidas de apoio no alumnado

O apoio que recibe o alumnado podemos cualificalo como positivo, pois o rendemento mellora notablemente cando traballamos especificamente con eles/as.

Pero é certo que en moitas ocasións as horas de apoio quedan como insuficientes de acordo coas necesidades que manifesta o alumnado, polo que hai casos que quedaron sen atender ou con horas insuficientes, por falta de tempo e, consecuentemente, de recursos.

Dende un punto de vista inclusivo sabemos que o desexable son os apoios dentro da aula ordinaria pero baixo a nosa experiencia non sempre son a mellor opción para aproveitar as sesións e conseguir mellores resultados. Determinadas dinámicas de aula non favorecen o clima máis óptimo para a mellora do noso alumnado.

Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora.

De cara ao vindeiro curso formulamos unha serie de propostas de mellora, para poder seguir avanzando cara a unha educación inclusiva e de calidade, como poden ser:

- Aumentar o número de especialistas de PT para ofertar unha mellor educación (máis horas e en mellores condicións) ao alumnado que o precisa.
- Incrementar o tempo das sesións de apoio de PT a 50 minutos, que en EI foron de media hora.
- Contar cunha hora semanal adicada á coordinación entre o profesorado de apoio (PT, AL e orientadora), na cal poder intercambiar información e compartir experiencias.
- Valorar a necesidade de contar con máis espazos no centro acondicionados para a atención individualizada do alumnado incorporando novas aulas para tal fin.
- Priorizar, nos casos que sexa posible, o reforzo educativo (ou resto de medidas ordinarias) e protocolos de atención para poder adicar os apoios específicos de PT aos casos que sexa máis necesario polas características e necesidades do alumnado.



- Dotar as aulas multisensoriais coas que xa contamos nos dous edificios, de máis recursos para as mesmas.
- Ampliar os recursos materiais do DO, especificamente das aulas de apoio, actualizando o equipamento informático (tablets, PDI,...)
- Manter/incrementar a colaboración co conxunto do profesorado para poder establecer unha intervención o máis coordinada posible.
- Manter/ incrementar a coordinación coas institucións externas ao centro ás que acode o alumnado (EOE, gabinetes logopédicos, atención temperá, terapeutas ocupacionais, psicólogos/as...) para o intercambio de información e o establecemento dunhas liñas comúns de traballo.
- Manter/ incrementar a coordinación coas familias do alumnado para o intercambio de información e o establecemento dunhas liñas comúns de traballo.

9.2_ Biblioteca

A biblioteca é un recurso imprescindible para acadar os fins da LOMLOE 3/2020 “ *O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular o seu propio aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así coma desenvolver a CREATIVIDADE, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor*” e “*A capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, o respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva*”. Polo tanto, a nosa teima é procurar que todas as instalacións da Biblioteca sexan un lugar ao que achegarse para gozar da lectura e da escritura, para axudar a construír rapaces e rapazas críticos coa sociedade e coa información e creativos, proponendo novas alternativas e solucións, un lugar para gozar coa cultura e, sobre todo, para facilitar e promover a igualdade de oportunidades a través dos recursos facilitados.

Funcionamento: Organización e xestión técnica

O presente curso retomouse o uso habitual da Biblioteca escolar, fóra das restricións que a pandemia nos impuxera anteriormente. O servizo de préstamos e lectura libre funcionou durante os recreos e durante as horas de docencia en primaria, aproveitando as visitas dos grupos cos seus titores e baixo o apoio e asesoramento do membro do equipo que estivese de garda nas horas que este ano foron posibles, xa que houbo una diminución das mesmas ao ter que ir facer substitucións con bastante frecuencia.

As utilidades que nos ofrece KOHA van sendo ben asimiladas polo equipo, se ben é certo que imos mellorando , pouco a pouco , algunhas catalogacións. A biblioteca conta cun número moi alto de exemplares pero, aínda así,



conseguimos afianzar o proceso e poñer o código de barras a moitísimos libros, o que axiliza moito o empréstito. Cada alumno/a pode ter un só libro en préstamo, durante 15 días, agás os/as de 5º e 6º que puideron levar dous para participar na actividade de lecturas compartidas, sempre coa posibilidade de renovación . Os/as mestres/as poden coller co seu carné ata 30 libros e tamén dispoñen dun prazo maior para devolvelos.

As distintas seccións da Biblioteca (Infantil, Primaria, Recuncho Fedelleiro, Biblioteca Creativa e Radio) son o principal centro de recursos do colexio, no que alumnado e profesorado atopan os materiais necesarios para desenvolver o currículo. Coa finalidade de reorganizar estes recursos, continuamos coa labor de expurgo e de esforzo por adquirir novidades de Literatura Infantil e Xuvenil en galego e dos xéneros literarios de poesía e teatro, onde seguimos a ter un fondo menos renovado. Mercáronse tamén materiais , seguindo os criterios establecidos pola asesoría de Bibliotecas escolares, relativos á sección de Información e de creatividade e xogo, que necesitamos ampliar para o vindeiro curso.

Intervención no espazo físico e equipamento

Seguindo as pautas facilitadas pola Asesoría, continuamos a traballar na mellora e renovación do mobiliario e o equipamento da Biblioteca, adquirindo : unha mesa de centro e un andel tipo expositor para o Recuncho “Se ti les, elas e eles len”, suxeitalibros , un andel para o Recuncho “Adestra a lectura”, dúas tablets para uso do alumnado e un portátil, que emprega o equipo para a xestión da biblioteca, quedando o ordenador de mesa a disposición do alumnado para buscar información ou imprimir traballos. Mercamos tamén dous paneis expositores que se acoplan en forma de L para poder facer exposicións no corredor da porta da Biblioteca de primaria e unha mesa pregable máis grande e versátil para o Recuncho Fedelleiro.

Por outra banda, salienta que parte dos fondos da biblioteca se investiron en mercar micrófonos porque os que tiñamos non funcionaban ben e non facían posible a celebración de musicais, contacontos ou obras de teatro en unhas condicións de son axeitadas. De feito, queremos potenciar esta liña de traballo porque pon o seu punto de mira na creatividade e o respecto ás diferenzas, ao traballo autónomo, á resolución dos pequenos problemas que poidan xurdir e o traballo por competencias.

En Infantil, estamos pendentes da adquisición dunha mesa de luz grande e queremos investir na creación dun Recuncho Fedelleiro, que estaría anexionado á biblioteca deste edificio, pero é unha liña de actuación que queda pendente de tomar máis forma para o vindeiro curso. Así mesmo, no último contacontos que se celebrou alí, quedou tamén patente a necesidade de investir en un par de micrófonos novos.

Equipo da biblioteca e Voluntariado: Horario e formación.



O número de horas de dedicación por parte do equipo de biblioteca, tanto de infantil como de primaria, excede, en moito, do tempo de liberación para a labor desempeñada, sendo necesario aportar un esforzo de horas extra persoais para conseguir sacar adiante o traballo. Na Biblioteca de Infantil non se puideron manter as horas asignadas o curso anterior e a persoa encargada tivo dúas horas, aínda que non foron poucas as veces nas que tivo que ir substituír, non sendo posible que moitos dos venres nas que tiñamos unha proposta de reunión da dinamizadora de primaria coa de infantil se puidese, finalmente, levar a cabo. Infantil segue demandando máis horas porque dado o tamaño do centro, ambas bibliotecas son grandes e requiren moito traballo. Na Biblioteca de Primaria non se puido cubrir a totalidade do horario lectivo e os membros do equipo dispuxeron, de partida, de menos horas de adicación á biblioteca e estas quedaron aínda máis diminuídas ao ter que facer substitucións. En consecuencia, o esforzo para sacar as tarefas adiante foi bastante maior durante este curso.

A **formación** do equipo de Biblioteca é sólida posto que a maior parte dos seus compoñentes levan anos no mesmo e van renovando os seus coñecementos aproveitando a liña que a coordinadora de formación reserva anualmente para a biblioteca, pero a que pode asistir quen así o desexe. Este ano houbo un especial interese pola formación en radio escolar aínda que tamén gustou a formación que impartiu un membro de AtlanTics sobre “Internet e seguridade”. Ademais, a dinamizadora da biblioteca asistiu a distintas actividades formativas: Biblioteca escolar, centro creativo de aprendizaxes; Xornadas de Bibliotecas escolares; Encontros dos centros PLAMBE; PFPP...

O **alumnado colaborador de 5º e 6º** ocupouse da formación de usuarios, comentando a ubicación e colocación correcta dos fondos. Tamén axudaron aos máis pequenos a manexar o ordenador de mesa e as tablets novas. Así mesmo, a totalidade do alumnado de 5º recibiu formación para a radio e foi o encargado dos PODCAST, como por exemplo, na visita da escritora Leticia Costas ao noso colexio <https://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com/2022/12/visita-de-ledicia-costas.html>

Outras tarefas asignadas aos colaboradores foron a implicación na dixitalización dos textos achegados polos máis pequenos para facer as Recomendacións lectoras, así como o cumprimento das quendas para sacar os carros de Bibliopatio nos recreos e para o uso das tablets novas que colocamos na Sala de lectura. Ademais do alumnado de 5º e 6º, este ano contamos coa colaboración de alumnado de 3º, que de xeito totalmente imprevisto, quixo sumarse a prestar a súa axuda nos recreos, sendo unha aportación moi valiosa ao correcto funcionamento da biblioteca cando hai moitos usuarios.

Orzamento anual.

Este orzamento tivo distintas fontes :

- a) PLAMBE: 3.245 € , sendo 1.580 € para novos fondos e 1665 para equipamento.



- b) Procedentes de gastos de funcionamento do centro : 4.000 €, incrementándose en 200 € con respecto ao curso anterior.
- c) Radio: Asignáronse 500 euros para formación, que foi para o alumnado de 5º e o profesorado que se anotou ás xornadas.
- d) Biblioteca creativa: asignáronse 1.324 € que se invertiron en micrófonos, materiais manipulativos e de creación, fondos bibliotecarios relativos á Ciencia e á creatividade, xogos e material lúdico, como por exemplo “ El mundo es una fiesta”, “Story cubes”, “Palabrea”, “Catowl” o “El divertido juego de las artes escénicas”. Necesitamos seguir mellorando o mobiliario e equipamento, especialmente para cubrir as necesidades relativas a avanzar cara a converter a biblioteca en un centro creativo de aprendizaxes. Pero non só iso, consideramos que agora que temos un equipamento mínimo, debemos investir en formación para o alumnado nesta vertente máis lúdica.

Actividades relacionadas co proxecto lector e PAL.

É tarefa da biblioteca favorecer e seguir o desenvolvemento do Proxecto Lector do centro, que se reflicte ano a ano no Plan de Lectura Anual. É o axente dinamizador das actividades relacionadas coa lectura, a expresión oral e a expresión escrita do centro. Leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Publicación no Blogue de “Leo e Mariña” de convocatorias de concursos, colaboracións , actividades e, en xeral, do máis salientable da vida da Biblioteca, Tanto na páxina xeral, como nas pestanas adicadas á radio, PDI, Biblioteca creativa...
- Empréstito de obras literarias: Fíxose por grupos estables, aproveitando a lecturas compartidas, nas horas de traballo e investigación sobre o PDI empregadas polas titoras e titores previamente reservadas e durante todos os recreos , libremente. Este ano, ademais, foi posible facer uso da plataforma dixital E-LBE.2 <https://bega-elbe2.edu.xunta.es/?locale=gl>
- Salientamos a proposta de Bibliotecas escolares traballando o lema deste ano “Escribir a biblioteca escolar” e aproveitamos as lecturas compartidas non so para ler, senón tamén para escribir de forma compartida. <https://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com/2023/04/lecturas-compartidas-creando-contos.html> ou <http://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com/2022/12/lecturas-compartidas.html>
- Recollida das suxestións do alumnado e profesorado sobre a compra de fondos, a mellora do mobiliario, o funcionamento e organización de actividades mediante o uso da caixa de correo destinado para tal fin.



- Caixas viaxeiras de aula: para facilitar a lectura no momento do día destinado a este fin no Proxecto Lector. Dentro de cada caixa inclúese un documento no que se recollen propostas de actividades de animación e promoción da lectura e á escrita.
- A biblioteca provee de fondos e recursos á Sección de Educación Responsable do centro e este ano mercamos novidades editoriais relativas ao coñecemento das emocións e dos sentimentos, pero sobretudo, libros informativos e de ficción sobre todas as culturas traballadas a través do PDI “[A diversidade cultural](https://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2022/09/proxecto-documental-integrado.html)”. <https://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2022/09/proxecto-documental-integrado.html>
- Actividades temáticas de superación da fase de “Celebración de datas especiais con carácter ritualista”. Preferimos vincular estas celebracións aos obxectivos educativos (cultura tradicional, dereitos humanos, convivencia, dereitos do consumidor... <http://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2023/03/adiantamonos-ao-dia-mundial-das-persoas.html> , <http://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2022/09/dia-europeo-das-linguas.html> ou <https://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2023/03/dia-internacional-da-narracion-oral.html>
- Colaboración institucional e cultural : Colabórase activamente co Concello na celebración de distintas datas conmemorativas e presentación de escritores, contacontos e ilustradores, e persoeiros da cultura en xeral.

Tamén se colaborou na celebración de Concursos e en exposicións como a da celebración do 50 aniversario do colexio, aberta este mesmo mes de xuño, no Liceo, e onde a biblioteca ten un Recuncho no que se pode apreciar a evolución histórica da mesma. Destacar que este espazo tan especial non sería posible sen a colaboración de moitos compañeiros e compañeiras e, especialmente, no caso da Biblioteca, da persoa que segue a ser un referente para o equipo, a mestra xa xubilada Carmen Bello, quen nos regalou o seu tempo e , sobre todo, a súa bagaxe persoal como dinamizadora, durante moitos anos, da Biblioteca de Leo e Mariña.

Outras colaboracións tiveron que ver con coordinacións con dinamizadores de bibliotecas cercanas á nosa, como a da do IES Francisco Aguiar , adscrito ao noso centro, xa que o alumnado de 3º E.Primaria visitou a súa biblioteca, onde nos tiñan preparada unha actividade didáctica sobre “Os instrumentos musicais na Prehistoria “. Así mesmo, retomouse o contacto co IES As Mariñas, e o alumnado de 1º de Bacharelato veu ao noso colexio a contar os contos escollidos para os distintos niveis. Esperamos dar continuidade a estas dúas colaboracións tan proveitosas.

Colaboraron tamén con nós as unitarias, sumándose as distintas propostas que fixemos para levar a cabo o PDI e visitáronnos durante a primeira semana de xuño, xunto co alumnado de 6º de Ed. Infantil



para ver a representación da obra versionada “As princesas tamén se tiran peidos” que correu a cargo de alumnas de 5º D e 5º E. <https://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/>

Nomear tamén a nosa colaboración cun alumno , a través do seu proxecto de Fin de Ciclo de Animación Sociocultural, coa finalidade de facer unha intervención cos máis novos para revitalizar a emisora municipal e con dúas alumnas da UDC, en relación aos traballos de Fin de grao, un vencellado á Biblioteca de Infantil e outro á relevancia do Teatro na escola. Estas colaboracións resultaron moi interesantes e , de feito, nos fixeron cambiar a mirada e invertir parte dos cartos de Biblioteca creativa na compra de micrófonos novos, coa finalidade de promocionar máis o teatro no noso centro.

- Renovación da colaboración no **xornal local “Betanzos e a súa comarca”**, editado pola Asociación de Comerciantes, mediante a publicación das preferencias ou recomendacións de lectura do noso alumnado. A achega é mensual e establecemos quendas de tres ou catro cursos (de distintos niveis) ao mes. Tamén colaboramos con esta asociación empresarial a través da participación do alumnado en algún dos concursos que propoñen.

- Contacontos: Como o que se levaron a cabo en E. Infantil e nos primeiros cursos de primaria, a cargo, ás veces, de profesionais alleos ao centro <http://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2023/03/presentacion-pantasma-colorida.html> e outras veces a cargo da “Fada Mariña”, en colaboración co Concello e, noutros casos, de Editoriais. Pero este ano queremos salienta especialmente a implicación de todo o departamento de Inglés, que se sumou á celebración da quincena do Libro preparando contacontos en Inglés para todo o centro <http://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2023/05/storytelling.html> ou tamén en <http://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2023/04/>

- **“Reading time”**: de xeito análogo ás Caixas viaxeiras, no tempo de lectura, os especialistas de Lingua inglesa fixeron unha escolla de libros cos que traballaron co seu alumnado. Este ano continuamos mercando fondos en inglés porque é unha sección que precisa seguir renovándose para acadar unha rapazada cada vez máis plurilingüe.

Actividades de formación de usuarios e ALFIN

Debido a que no curso pasado, unha das propostas de mellora aportada polo equipo docente foi a de concretar e temporalizar máis as actividades de desenvolvemento do PDI anual, este ano, xa no primeiro claustro se amosou a programación de todo o ano do PDI “A diversidade cultural”, con dúas propostas trimestrais de contidos a traballar e de produtos finais a elaborar e así se reflectiu no blogue de leo e Mariña, nunha entrada do 7 de setembro <https://blogdeleo-valessvillamarin.blogspot.com/2022/09/proxecto-documental-integrado.html> .



As subtemáticas traballadas dende Infantil a 6º de Primaria foron as seguintes :

- Unitarias: América do Norte
- 4º de Ed. Infantil: Países Nórdicos
- 5º E. Infantil : Australia
- 6º E. Infantil: China
- 1º EP : Portugal
- 2º E. Primaria : África
- 3º E. Primaria : América do Sur
- 4º E. Primaria : México
- 5º E. Primaria: Xapón
- 6º E. Primaria : India

Isto permitiu contribuir a alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades de búsqueda de información, neste caso, máis ou menos guiado, pero o alumnado foi quen de xerar contidos propios e presentar o traballo elaborado ao longo do curso. A semana do 12 de xuño comezou a “ **Expo Vales intercultural**”, na que os corredores dos distintos niveis do centro serviron para amosar os produtos finais. Establecéronse quendas de visita para os distintos corredores, posto que dado o tamaño do centro, pretendiamos evitar aglomeracións e que o alumnado poidese acceder con facilidade a información e traballos do resto dos compañeiros. <https://pdi-vaesvillamarin.blogspot.com/>

Biblioteca Creativa e Radio : actividades do Recuncho Fedelleiro e na Sala de lectura

O proxecto de Biblioteca creativa como tal comezou este curso a súa andaina se ben xa tiñamos dados pasos a través da liña de robótica para os niveis de 5º e 6º de Primaria que a rapazada gusta de practicar especialmente nos recreos. No Recuncho Fedelleiro o alumnado pode “facer cousas por si mesmo” e acceder a material que lle facilita pensar, deseñar, facer e construír xuntos. Pero a inversión en recursos para fomentar a Biblioteca Creativa debe seguir aumentando, especialmente porque é preciso dotar á Biblioteca de Infantil de recursos semellantes. <https://bibliotecacreativavales.blogspot.com/>

As actividades relativas á radio comenzaron este ano cunha sesión formativa dirixida tanto ao alumnado coma o profesorado. Despois o alumnado foi quen de realizar diferentes entrevistas aos distintos persoeiros que pasaron polo centro, pero , sen dúbida, o PODCAST que queremos destacar é un programa no que cada nivel comentou que aprendeu durante o desenvolvemento do PDI <http://pdi-vaesvillamarin.blogspot.com/2023/06/podcast-pdi.html>

Atención á diversidade.

No noso centro presentamos un elevado número de alumnado con ACNEAE. Por este motivo, dende hai dous anos contamos co asesoramento dunha representante do Departamento de Orientación. Este ano seguimos mercando fondos, previamente seleccionados polo Departamento, que puidesen atraer ao alumnado



con distintas necesidades e por iso fixemos unha aposta polos libros con texturas, moi solicitados para o alumnado de primeiro e segundo de primaria.

Presenza da biblioteca de Leo e Mariña nos documentos organizativos e curriculares do centro.

.A través do Plan Anual de Lectura, recollemos as actividades dirixidas ao desenvolvemento da comprensión lectora desde todas as áreas curriculares, as actividades relacionadas coa análise, tratamento e exposición da información, as relacionadas coa celebración de actividades complementarias e extraescolares, as relacionadas coa “Hora de ler” e aquelas que teñen que ver coas actividades para o alumnado con NEAE e alumnado procedente do estranxeiro. https://www.canva.com/design/DAFiua-qBu8/tqYobS69uLu1dWUp7iBjw/view?utm_content=DAFiua-qBu8&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=publishsharelink

Ademais, outros proxectos como os propios dos equipos de Voz Natura, Dinamización, Proxecta e Educación Responsable, son apoiados dende a colaboración da biblioteca e implican o desenvolvemento das competencias básicas. <http://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com/2023/03/semana-da-prensa-boas-novas.html> Do mesmo xeito, apoiamos a asignatura de Ed. Musical, que participou no Proxecto Documental aportando distintas actividades. De feito, coa teima de investigar sobre América do Sur, o alumnado de 3º de Primaria foi ao cine a ver a película “Encanto”, así como ao Pazo da Ópera en A Coruña para escoitar, entre outras, a banda sonora desta película, da man da Sinfónica de Galicia.

Este ano, ademais, iniciouse a implantación progresiva da área de Proxecto Competencial, tendo o currículo deste área un plantexamento aberto, polo que, nalgúns niveis, se aproveitou para traballar, a través deste área, o PDI “A diversidade cultural”, buscando a interdisciplinaridade e a mobilización conxunta das competencias.

Implicación da comunidade educativa e da contorna do centro nas actividades da biblioteca.

O feito de que o Equipo da Biblioteca estea integrado, como mínimo, por un representante por nivel supón que lle podemos dar pulo máis sinxelamente a calquera actividade que propoñamos. O PDI anual resulta ser o proxecto vinculante, o fío condutor común no que toda a comunidade educativa aporta as súas achegas, articuladas e dinamizadas por niveis.

Por outra banda, as familias tiveron participación na vida da biblioteca a través das súas achegas a actividades propostas polo equipo, pero observamos que é preciso integralas máis e ampliar as actividades que lles podemos ofrecer. <https://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com/2023/05/eu-son-portada-e-pinta-lectura.html>

Pero este ano, se temos que salientar algo relativo á participación da comunidade educativa, temos que mencionar, sen dúbida algunha, a implicación que tiveron na edición especial do “Xornaliño”, unha



oportunidade para desenvolver a “**Escritura creativa**”, lema este ano das Bibliotecas escolares de Galicia. Non só todos os niveis fixeron as súas achegas, senón que participaron tamén mestres e mestras xubilados, persoal non docente, monitores de actividades extraescolares, avós e avoas do colexio, a escola unitaria de Coirós e incluso José-Domingo Vales, fillo de Francisco Vales Villamarín, do que noso centro ten a honra de levar o nome. Pódese acceder á versión en cor do Xornaliño en : https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/pluginfile.php/26633/mod_resource/content/5/Xornali%C3%B1o%20edici%C3%B3n%20especial.pdf

Plan de seguimento e avaliación: Incidencia e impacto nos logros educativos.

Consideramos que traballamos axeitadamente nos obxectivos que nos propuxemos acadar porque fomos quen de:

- Apoiar ao profesorado e ao alumnado nos procesos de ensino-aprendizaxe, así como a outros proxectos do centro.
 - Garantir a localización de información en fontes informativas, tanto virtuais como físicas ,relativas ao PDI deste ano “ A diversidade cultural”.
 - Promover o desenvolvemento do pensamento crítico a través da investigación e o tratamento da información.
 - Ir adquirindo o mobiliario e equipamento necesario para que a Biblioteca, nas súas seccións diferenciadas, resultasen atractivas e mellorasen a organización dos espazos.
 - Reforzar a adquisición de competencias en materia de lectura crítica, de medios de comunicación e de habilidades no acceso e produción de información, as denominadas competencias ALFIN/AMI, sobre todo, dende a incorporación da Radio Escolar o pasado curso escolar.
 - Mellorar no manexo da aplicación Koha e acadar un grao moi satisfactorio de implantación deste programa de xestión da biblioteca.
 - Conseguir o acceso á plataforma de préstamo de contidos dixitais e-LBE.2 para todo o alumnado, sen grandes incidencias.
-
- Realizar as enquisas telemáticas de Avaliación final, dirixidas ao profesorado de Infantil e Primaria respectivamente. En total contestaron 48 docentes e da súa valoración pode deducirse o seguinte:

O profesorado está dacordo ou moi dacordo en que:

- A biblioteca escolar do centro é un recurso pedagóxico ao servizo dos procesos de ensino e de aprendizaxe : 95,90 %



- Favorece o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro e o Plan anual de lectura : 100% (Infantil) e 91,7 (primaria)
- Actúa como factor de compensación social : 95,9 % está de acordo ou moi de acordo (Infantil) e 75 % (Primaria) . A porcentaxe restante puntúa cun 3 nunha escala de 1 a 5.
- Conta con fondos documentais renovados e actualizados: 73,9 % está de acordo ou moi de acordo (Infantil) e 83,3 % (Primaria) . A porcentaxe restante puntúa cun 3 (escala de 1 a 5)
- Facilita a educación para o uso da información (alfabetización informacional). Este ítem só se incluíu para Primaria e o 87.3 % dos que o responderon estiveron de acordo ou moi de acordo.
- Aténdense as necesidades informativas das diferentes áreas curriculares e das diferentes idades e intereses: está de acordo ou moi de acordo o 87.5 % (Ítem exclusivo para Primaria).


Os ítems no que existe maior variabilidade de resposta son os seguintes :

- Os fondos están suficientemente equilibrados en relación ao contido e aos soportes (impreso / electrónico) e formatos (libros, revistas, DVD...)

Infantil

Os fondos están suficientemente equilibrados en relación ao contido e aos soportes.

24 respostas




Primaria



Os fondos e recursos están suficientemente equilibrados en relación ao contido e aos soportes (impreso / electrónico) .


24 respostas



- A biblioteca conta co espacio e mobiliario axeitados para desenvolver as actividades que lle son propias: está dacordo ou moi dacordo o 100% do profesorado de primaria, pero en Infantil os resultados son os seguintes:

A biblioteca conta co espacio e mobiliario axeitados para desenvolver as actividades que lle son propias.

24 respostas




- Visitas o Blogue de Leo e Mariña e, en caso de non facelo, cales son as causas ?

Infantil

Visitas o blogue da Biblioteca ?


12 respostas





No caso de non visitalo ou facelo con pouca frecuencia, cal é o motivo?


8 respostas



Primaria

Consideras o Blog de Leo e Mariña un recurso útil ?

24 respostas



No caso de non consideralo útil, cal é o motivo? 7 respostas

- Porque estou informada das actividades por outras vías.
- Non atopamos actividades que motiven ao alumnado a acceder a ela. Non se sinten motivados a participar, xa que como mestre fáltame axuda para saber como enfocalo.
- Falta de tempo.
- Mala organización persoal
- Dar visibilidade ás actividades
- Ten poucas visitas
- Pódese ver o que se está a facer no cole, propostas...




- Que novas seccións incluírías e cales quitarías ? Houbo 7 respostas, das cales salientamos, por ser máis frecuentes: Venres de Historias , Biblofeiras e Novidades, así como darlle á sección de “ Recomendámosche” un formato máis actual.
- Consideras interesante o novo acceso á plataforma de lectura dixital E-Elbe.2

Infantil

Consideras interesante o novo acceso á plataforma de lectura dixital E-LBE.2 ?


12 respostas



Primaria

Consideras interesante o acceso á plataforma de lectura dixital E-LBE.2

24 respostas



Por último, preguntamos polas propostas de mellora e estas son as respostas máis destacadas :

- Orzamento anual : 45,5% en Infantil e 9.1 % en Primaria.
- Equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos : 27,3 % en infantil e 54.4 % en Primaria.
- Organización, xestión e difusión de fondos documentais : 27.3 % en Infantil e 18.2 % en Primaria.
- Coordinación co resto dos equipos: 13.6 % en Infantil e 40.9 % en Primaria.
- Solicitar e deseñar actividades relacionadas cos Laboratorios creativos de aprendizaxe : 27.3 % en Infantil e 68.2 % en Primaria.
- Dedicación horaria do Equipo da biblioteca escolar : 31.8 % en Infantil e 13.6 % en Primaria
- Programación de actividades de fomento da lectura : 22.7% , Tanto en Infantil como en primaria.
- Colaboración coas familias: 18.2 % en Infantil e 27.3 % en Primaria .



- Horario de apertura escolar e extraescolar (as porcentaxes son coincidentes en ambos items): 9.1 % en Infantil e 31.8 % en Primaria.

Ademais, recóllense as seguintes **propostas de mellora, aportadas en “Redacción libre”** e que nos da información diferente á ofrecida anteriormente :

En Infantil : “Creo que a Biblioteca, no ámbito do PDI, debería presentar porpostas máis cerradas, planificadas e concretas, relacionadas coa realidade da aula e que sexan razoables cos procesos e os tempos de aprendizaxe do alumnado. Estas propostas deberían estar planificadas con tempo para que o profesorado poida implementalas con calma, coordinándose como é debido e contextualizándoas correctamente”.

En Primaria :

- “ Maior colaboración con distintos axentes sociais : familias e outras institucións”
- “Máis Contacontos”
- “Incluír máis recursos ALFIN/AMI”
- “Creo que deberíamos facer menos e mellor, considero interesante que se ofrezan actividades dirixidas para o PDI. Este ano me foi moi difícil englobar o PDI nas materias. Supuxo un esforzo extra pensar en actividades para traballar o PDI que ao final, non servían para ver un produto final interesante. Creo que o interesante dun PDI é que todo o centro reme na mesma dirección, cunha mesma temática central e todos os niveis con tarefas dirixidas para lograr un produto final (una tarefa por trimestre é suficiente). Se cada nivel funciona de forma independente, non é un PDI real e significativo. Deste xeito, o blog pode servir de fonte de información para saber como traballar o PDI e a implicación do alumnado na biblioteca tamén será maior “.
- “ Sesión formativa para mestres a comezos de curso”.
- “Proporcionar oportunidades de traballo colaborativo aos grupos”
- “Actividades máis guiadas y estructuradas en el tiempo”
- “Concretar, deseñar as accións, tarefas trimestrais”
- “Escritura compartida”
- “Favorecer actividades de radio, robótica...”
- “Ampliar os fondos bibliográficos para atender ao alumnado con diferentes necesidades e elaborar cartelería accesible para este alumnado. Posibilitar que o alumnado do Segundo ciclo poida facer apadrinamento lector ou unha actividade semellante. Habilitar a biblioteca pola tarde como espazo de estudo e para facer traballos colaborativos entre o alumnado Gustariame colaborar nos obradoiros creativos, pero iso implica un horario do que non dispoño. Tamén me gustaría colaborar na elaboración de cartelería para mellorar a accesibilidade e de todo o alumnado”.
- “Realizar actividades na biblioteca co alumnado dos diferentes niveis”.

Proxectos de actuación para o curso 2022-2023.

Tendo en conta as respostas recollidas no apartado anterior e co fin de artellar as liñas prioritarias de actuación para o curso 2023-2024, procuraremos:



1. Solicitar a nosa participación nas distintas iniciativas que nos propoña a Consellería ou Bibliotecas escolares : PLAMBE, Radio Escolar, Biblioteca Inclusiva, laboratorios creativos ...
2. Ampliar o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos en Infantil e Primaria
3. Promover a formación do profesorado no relativo ao ámbito de actuación da Biblioteca.
4. Mellorar a coordinación con axentes culturais externos e co resto dos Equipos do centro.
5. Artellar solucións ao Uso e utilidade do Blog de Leo e Mariña.
6. Ampliar a colaboración coas familias.
7. Propoñer actividades para o fomento da escritura e da lectura en distintos soportes.
8. Artellar recursos comúns para que todo o profesorado poda facer achegas ao PDI de xeito colaborativo, programando actividades trimestralmente.
9. Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI, mellorando a capacitación do alumnado e do profesorado no manexo da radio escolar.
10. Avanzar na consecución dunha Biblioteca verdadeiramente inclusiva, con máis recursos e comunicación adaptada, xa iniciada, pero aínda lonxe do que debemos ofrecer como espazo educativo de encontro e igualitario e normalizador.

9.3_ Equipo de Dinamización da lingua

Actividades desenvoltas

Ao longo do curso 2022-2023 o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Francisco Vales Villamarín participou na organización de diferentes actividades incluídas na Programación Xeral Anual.

- **A DIVERSIDADE CULTURAL:** Colaboramos co Equipo de Biblioteca na posta en marcha do proxecto documental integrado deste ano, garantindo que a maior parte das actividades propostas se realizasen en lingua galega.
- **DICIONARIO AUDIOVISUAL GALEGO:** En colaboración coas titorías, o alumnado foi creando un dicionario audiovisual galego no que, en cada vídeo, se nos explica unha palabra propia do noso idioma.
- **VENRES DE HISTORIAS:** O EDLG colaborou na selección de vídeos para a actividade de Venres de Historias nas que cada venres, se publicaba un videoconto para o alumnado de infantil.
- **FARALDO. TODO PARA GALICIA:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello organizouse un contacontos, guiado por Raquel Queizás, para dar a coñecer entre o alumnado a figura de Antolín Faraldo.



- **SAMAÍN-MAGOSTO:** En colaboración co Equipo de Biblioteca dispuxemos, por diferentes zonas do colexio, tendas de campaña con lanternas, para que o alumnado poidese ir a ler as súas “lecturas terroríficas” cos seus compañeiros e compañeiras na semana do Samaín. Así mesmo, o alumnado de quinto preparou lecturas “terroríficas” para lerlle ao alumnado de primeiro de primaria o día que celebramos o samaín no centro.
- **CHIMPO DE RA:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello organizouse un contacontos, guiado por Raquel Queizás, para que o alumnado máis pequeno gozase coa nosa lingua.
- **INTERCAMBIO DE POSTAIS:** En colaboración cos demais equipos do centro, organizamos unha actividade de intercambio de postais elaboradas con material de refugallo.
- **FIGUEIRIÑAS QUE EU PRANTEI:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello organizouse un contacontos ilustrado, levado a cabo por “Polo correo do vento” para que o alumnado coñecese a figura de Rosalía de Castro.
- **MURAL DE ROSALÍA:** O EDLG promoveu unha actividade na que, entre todas as aulas, creamos un mural de Rosalía de Castro para dar a coñecer a súa figura.
- **ENTROIDO:** En colaboración cos demais equipos do centro e coas Escolas de Infantil adscritas ao centro, organizamos unha actividade na que o Meco nos dou instrucións de como debíamos vir vestidos cada un dos días da semana do Entroido. Así mesmo, realizouse un desfile (o venres de entroido) na que o alumnado veu disfrazado coa temática do proxecto documental integrado do centro. Convidouse ás familias a este festival. O venres de entroido pequeno, o alumnado puido vir disfrazado cun traxe da súa propia elección. Durante estas semanas, e coa colaboración das familias, fixéronse filloas no centro para que o alumnado puidese gozar dunha das sobremesas típicas da nosa terra ao mesmo tempo que vían como se elaboraban.
- **QUE BRILLE O MEU VERSO:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello, organizouse un taller de poesía, dirixido por “Apiario” no que o alumnado se achegou á creación literaria en galego.
- **O LOITADOR DA GALAXIA:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello, organizouse un contacontos sobre Francisco del Riego, levado a cabo por Raquel Queizás, para dar a coñecer ao homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas.
- **UN POEMA NUNHA BUGUINA:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello, organizouse un obradoiro de escritura literaria e creativa da man de Apiario.



- **CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello e cos centros de educación primaria e educación especial de Betanzos, promovemos a participación do alumnado no concurso de carteis das Letras Galegas organizado polo Concello de Betanzos.
- **CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS:** En colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello organizamos un concerto, dirixido por Pablo Díaz, para festexar a Semana das Letras Galegas.
- **AS COUSAS DE DON PACO:** Para dar a coñecer entre todo o alumnado a figura de Francisco Fernández del Riego fixemos un podcast (coas voces do profesorado) da obra de teatro da súa biografía elaborada por Primavera das Letras.
- **CANTANDO E BAILANDO POR GALICIA:** En colaboración cos demais equipos do centro e coa implicación da Escola Municipal de Folclore, dimos a coñecer o traxe tradicional galego e organizamos unha actuación para que o alumnado coñecese os bailes tradicionais galegos. Finalizamos o acto cantando todo o cole xunto o Himno galego.
- **OS CONTOS DOS MAIORES:** En colaboración co IES AS MARIÑAS organizouse unha actividade na que o alumnado de bacharelato das Mariñas veu a visitar as nosas aulas para contarnos un conto.

Así mesmo, tratouse de darlle difusión todas estas actividades e a aquelas outras que nos fixeron chegar os diferentes equipos e as diferentes aulas na aula virtual do Equipo de Dinamización denominado “Non te cortes coa lingua”.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/aulavirtual/course/view.php?id=373>

Avaliación e propostas de mellora

- En maior ou menor medida deseñáronse actividades para todas as propostas establecidas na Programación Xeral Anual, mais a falta de dispoñibilidade horaria do profesorado que forma parte do equipo dificulta que se poidan levar a cabo, de forma axeitada, moitas actividades propostas e incluso levar ao día a difusión das actividades que si se realizaron.
- Realizáronse reunións mensuais o primeiro martes de cada mes sempre que foi posible. Mais o feito de que varios martes coincidiron con festivos, avaliacións ou claustros dificultou bastante a coordinación do propio equipo, que non podía poñer a reunión noutro martes diferente xa que os demais martes hai coordinacións doutros equipos e os membros do equipo tamén teñen que participar nesas outras reunións. Isto provocou que moitas das actividades propostas e levadas a cabo non fosen realmente consensuadas ou xurdidas no seo do propio equipo.



- O feito de existir unha reunión entre os coordinadores dos demais equipos facilitou que todos os coordinadores puidesen facer aportacións para a organización das actividades. Mais hai que perfeccionar esta nova forma de coordinarse, xa que non sempre existiu unha boa coordinación e ás veces, tomáronse decisións nesas reunións sen ter en conta a opinión de todos os membros de cada un dos equipos. Proponse establecer cales son as funcións propias dese novo equipo para que non se solapen competencias.
- A participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas foi boa.
- Proponse, de cara ao curso que vén, deseñar máis actividades que desenvolvan a expresión oral do alumnado así como a participación en tradicións que nos son propias.
- Considérase positiva a colaboración co Servizo de Normalización do Concello, que nos permitiu contar con actividades moi interesantes. Con todo, tivemos un momento de descoordinación cando a persoa que leva este Servizo estivo de baixa e ninguén a substituíu nas súas funcións.

9.4_ Actividades complementarias e extraescolares

A Memoria do EACE pretende dar unha visión global e exhaustiva das actividades complementarias coordinadas polo mesmo ao longo do curso 2022 – 2023. Como en anos anteriores tentouse dar cabida a todas as iniciativas e proxectos propostos polos equipos de nivel ao comezo do curso e tamén a aquelas actividades propostas con posterioridade por outras institucións e entidades, que, ben polo seu valor educativo intrínseco ou ben por permitir unha ampla participación de todos os estamentos educativos, merecían un oco na programación.

A organización e desenvolvemento de actividades estivo marcada polo establecemento dun marco xeral de colaboración entre os diferentes equipos docentes, familias, axentes da comunidade educativa e outras entidades como Concello, Consorcio, Reserva da Biosfera, fundacións, etc.

A integración destas actividades nas programacións de aula permitiu fomentar o traballo cooperativo baseado na aprendizaxe significativa e tendo como eixo común o proxecto documental integrado do centro. Sen embargo, motivos de diversa índole motivaron cambios en varias das actividades previstas inicialmente que se detallarán máis adiante. Como en anos anteriores durante o primeiro trimestre programáronse menos actividades que nos dous seguintes. No derradeiro trimestre foron numerosas as saídas e actividades de diverso tipo que se levaron a cabo.

A Programación Anual das actividades complementarias volveu este curso académico ao nivel dos anos anteriores á Pandemia polo que xa non foi necesario aplicar as medidas de adaptación que se dispoñían na normativa publicada pola Xunta de Galicia no PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19, pero si as recollidas no Plan de Acollda do CEIP Francisco Vales Villamarín.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares nas súas reunións periódicas analizou a adecuación das saídas e actividades para analizar cales resultaron máis axeitadas para o alumnado e estudar as dificultades



organizativas que poidan emendarse de cara a vindeiros cursos. Salientar o inconveniente que representa a distancia física que separa os edificios de infantil e primaria para realizar actividades complementarias que afecten a toda a comunidade escolar.

As actividades complementarias realizadas no curso 2022/2023 foron as seguintes:

OUTUBRO 2.022		
ACTIVIDADE	EMPRAZAMENTO	NIVEIS
O Camiño Inglés	SUM PRIMARIA	3º EP
Galicreques Trapos	Sala Xulio Cuns	1º EP
Galicreques Los sueños de Trucas	Sala Xulio Cuns	5º e 6º de EI
Galicreques El mundo es un pañuelo	Sala Xulio Cuns	4º EP
Charlas Plan Director; As novas Tecnoloxías	Titorías	5º e 6º de EP
Visita Punto Limpo Móbil	Patio exterior punto 9 (EP)	Todos os niveis
NOVEMBRO 2.022		
ACTIVIDADE	EMPRAZAMENTO	NIVEIS
Visita Punto Limpo Móbil	Patio exterior (EI)	Todos os niveis
Charlas Plan Director: 5º EP: Igualdade 6º EP : Acoso escolar	Titorías	5º e 6º de EP
Conmem. contra a Violencia de Xénero	Centro, Titorías	Todos os niveis
Charlas de Robótica	Titorías	5º e 6º E P
DECEMBRO 2.022		
Pleno Infantil Municipal	Sala Xulio Cuns	6º de E.P.
Teatro Infantil alumnos de 5º de EP	Sala Xulio Cuns	5º EP e varios niveis EP
Maxia no Colexio	SUM Primaria	5º e 6º EP
Visita ao Planetario	Planetario A Coruña	1º EP
Contacontos	Usos múltiples EI	Todos os niveis
Proxecto biodiversidade Casa de Xanceda	SUM Primaria	2º EP
Colaboración IES FCO. AGUIAR	IES Fco. Aguiar	3º EP
Visita Reis Magos	Usos Múltiples(Ei e EP)	EI, 1º, 2º, 3º e 4º EP
XANEIRO 2023		
Visita Sotavento	Parque eólico experimental	4 grupos de 6º de EP
Día da Paz	Centro, Titorías	Todos os niveis
FEBREIRO 2023		
Visita Sotavento	Parque eólico experimental	2 grupos de 6º de EP
Entroido	Parque O Pasatempo	Todos
Concerto música tradicional	SUM Primaria	6º EP
Filloas no colexio	Dúas aulas	Todo EP
Concerto: Unha banda de Entroido	Ágora/ A Coruña	5º EP
MUNCYT	MUNCYT Coruña	1º EP
Charlas IGC sobre os riscos do ENTROIDO	SUM Primaria	3º, 4º e 6º de EP
Teatro en inglés	Auditorio Afundación	6º de EP
MARZO 2023		
Día Internacional da Muller	Titorías	Todos os niveis.
Museo Belas Artes	A Coruña	6º EI
Concerto Con Voz de Muller	Sala Xulio Cuns	3º, 5º e 6º de EP
Charlas Psicólogo Municipal	Titorías	5º e 6º de EP
Teatro: Cíclope	Auditorio Afundación	5º de EP
Concerto didáctico	Pazo da Ópera/ A Coruña	3º e 4º de EP



ABRIL 2023		
Roteiro dos Muíños	Caraña, río Pelamios/Betanzos	3º de EP
Charla Maiko sobre Xapón	SUM Primaria	5º de EP
Concerto didáctico	Pazo da Ópera/ A Coruña	4º e 6º de EI
Graxa de Beelle	Os Pazos, A Coruña	5º de EI
Museo das Mariñas	Betanzos	2º EP
Proxección Encanto	Cine Alfonsetti/ Betanzos	3º de EP
MAIO 2023		
Visita Fundación CIEC	Fundación CIEC; Betanzos	6º de EP
Visita Igrexa de Sta Mª do Azougue	Betanzos	6º de EP
Museo das Mariñas	Betanzos	4º EP
Charlas Educación Viaria	Titorías e Patio exterior	2º, 4º e 6º de EP
Charla enfermidades raras	SUM Primaria	
Granxa de Beelle	Os Pazos, A Coruña	1º de EP
Concerto Letras Galegas Pablo Díaz	Patio exterior EI e EP	EI, 1º e 2º de EP
Celebración Letras Galegas	Patio exterior EI e EP	Todos os niveis
Museo Belas Artes	A Coruña	4º de EI
Contadas Letras Galegas	SUM EI e SUM Primaria	Todo EI, 1º e 3º de EP
Corax	Paderne	4º de EP
Pazo de Mariñán	Bergondo	5º de EP (activ. Susp.)
Andaina Solidaria	Casco urbano de Betanzos	(Día non lectivo)
XUÑO 2023		
Visita á exposición do Liceo	Liceo	Varios niveis
Colaboración IES As Mariñas; Contacontos)	Titorías	Varios niveis
Xogos nas Pistas	Pistas Polideportivas	Todos os niveis.
Lancha aos Caneiros	Campo dos Caneiros	6º de Ep
Despedida alumnado 6º EP	Pavillón do Colexio	6º de EP
Gradación 6º EI	Pavillón do Colexio	6º de EI

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E NON REALIZADAS OU MODIFICADAS		
ACTIVIDADE	NIVEIS	MOTIVO DA SUSPENSIÓN
Visita Pazo de Mariñán	5º de EP	Traballos no Pazo
Charlas do mel	1º de EP	Problemas coa programación do Instituto que a realizaba,



Usos tradicionais das plantas; Taller de xabón	2º EP	Ofertado, non impartido
Taller de debuxo na natureza	4º EP	Ofertado, non impartido
Charla sobre o río Mandeo	5º EP	Ofertado, non impartido
Construcción dunha charca no colexio	2º e 4º de EP	Os responsables non remataron a actividade con algunha aula.
Actividade colectiva exterior Día da Muller	Todos os niveis EP	Incidencias climáticas.

Durante este ano académico celebráronse ademais as seguintes datas recollidas no anexo I da *ORDEN de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, algunhas delas implicando a todo o colexio como o Día da Paz ou o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Organizáronse por niveis ou titorías respectando tratando de integrar de forma transversal a diversidade, en outras ocasións a celebración foi colectiva coa participación de todos os niveis.

Mes	Día	Commemoración
Novembro	20 25	Día Universal da Infancia. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
Decembro	30 novembro- 7 decembro 3 10	Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
Xaneiro	24 30	Día Internacional da Educación Día Escolar da non Violencia e da Paz
Febreiro	23	Día de Rosalía de Castro
Marzo	8 15 Do 6 ao 10	Día Internacional da Muller. Día Mundial dos Dereitos do Consumidor Semana da Prensa
Abril	1 7 Do 17 ao 21	Día das Artes Galegas. Día Mundial da Saúde. Semana do Libro
Maio	2 9 Do 15 ao 19	Día Internacional contra o acoso Escolar. Día de Europa. Semana das Letras Galegas.
Xuño	5	Día Mundial do Ambiente. Diversidade afectivo- sexual

De conformidade con establecido no artigo 26.2 de la Ley 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas as datas de celebracións internacionais relacionadas con el recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Observacións



Continuando co acordo dos cursos anteriores e debido ás dimensións do centro, para unha mellor organización das actividades, cada representante de nivel no equipo de actividades complementarias e extraescolares, xestionou as saídas propias do seu curso e o coordinador ás que atanguían a máis dun nivel ou unha festividade.

O equipo estivo en constante comunicación coa xefatura de estudos para organizar os apoios de persoal docente necesarios para as actividades. Tamén colaborou nas saídas Protección Civil sempre que se lle demandou.

Este ano solicitamos a continuación para 5º e 6º de EP do Plan Director da Garda Civil ,que se desenvolveu ao longo do primeiro trimestre, e do Plan de Prevención de Drogo dependencias, que se organizou a principios do terceiro trimestre.

Sinalar a importante contribución de institucións coma o Concello para a realización de diversas actividades en datas coma o Nadal ou o Entroido: Contacontos, teatro, actividades de Dinamización Lingüística...etc. pero tamén coa realización das Xornadas de Drogo dependencias, charlas de Educación Viaria, Pleno Municipal, paseo na lancha municipal aos Caneiros, Museo das Mariñas , persoal da Oficina de Turismo municipal.. e a cesión da Aula de Cultura e Cine Alfonsetti para realización de festas ou outras actividades que non poderían celebrarse ben polo aforo ben polo tipo de actividade a realizar.

Outras actividades contaron coa colaboración de entidades coma a Cruz Vermella ou o Consorcio das Mariñas, O.N.C.E, AFundación, Fundación M^a José Jove, Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC),e con empresas como Supermercados Eroski , ou particulares, integrantes de grupos de baile, Escola Municipal de Música, Conservatorio da Coruña, ... etc, Algunhas delas celebráronse coma estaban previstas, outras non chegaron a celebrarse polas circunstancias sinaladas anteriormente.

Sinalar a dificultade que supón a organización destas saídas e actividades e a limitación das ofertas subvencionadas ao ser un centro de cinco liñas en todos niveis de primaria, agás sexto de Primaria que ten seis, e de catro en infantil. Dificultade que se incrementa nas saídas porque moitos dos destinos ofertados non aceptan un número tan grande de alumnado, especialmente despois da pandemia no que a maioría reduciu o número de prazas.

Cada trimestre entregouse valoración das actividades realizadas e tamén se lle transmitiu ao representante do Concello co que se mantivo unha relación constante e fluída. Apuntar aquí que sempre se recolleron as suxestións que dende o colexio se lle fixeron chegar sobre o cambio de actividades para adaptalas aos grupos e idades do alumnado.

Con estas valoracións preténdese ter unha base para programar as actividades por niveis o vindeiro curso e conseguir adaptarse a uns criterios comúns:

Adaptarse á decisión da maioría dentro do nivel.

Establecer unha información fluída entre todas as persoas adscritas a cada nivel.

Ter especialmente en conta o custo das actividades, preferindo sempre as gratuítas e as que poidan ser realizadas no centro e ao aire libre a outras. Neste aspecto destacar que neste curso foise especialmente meticuloso na escolla de actividades que cumpriran este criterio.



Valorar a interese pedagóxica en base ao nivel curricular e de contidos.

Dar prioridade ás actividades dentro do centro nos casos en que sexa posible.

Realizar unha saída/actividade por trimestre, evitando unha carga excesiva nun mesmo mes para as familias e evitar o excesivo volume de actividades.

Tentar programar coa suficiente antelación aquelas actividades que non dependan do tempo para facilitar a planificación horaria.

Cingirse á programación de actividades elaborada a principio de curso evitando engadir outras ao longo do mesmo. Cómpre recoñecer a dificultade deste punto en tanto que moitas das actividades propostas polas entidades colaboradoras non se coñecen ata uns días antes da súa realización.

Implicar os diferentes equipos e departamentos en actividades comúns.

A modo de conclusión, sinalar que este ano recuperouse a dinámica anterior ao ano 2021, realizándose a maioría das actividades programadas para este curso académico, non se observaron situacións problemáticas aínda cando se trataba de actividades puntuais ofertadas nun período de tempo limitado. Cómpre seguir traballando para que as actividades que se van desenvolver nun mes estean pechadas antes de finalizar o anterior pois facilita a organización e a coordinación entre o EACE e a Xefatura de Estudos.

Acadáronse os obxectivos marcados na PXA practicamente na súa totalidade coa excepción das actividades sinaladas anteriormente por motivos alleos ao colexio. Nalgunhas ocasións, as actividades previstas trasladáronse de data debido as malas condicións climáticas.

Seguimos participando no programa Prensa- Escola, polo que as aulas participantes recibiron un día á semana os xornais necesarios para traballar a prensa diaria.

As actividades máis valoradas foron aquelas que implicaron unha saída ao aire libre.

Houbo unha melloría na comunicación entre os diferentes equipos de traballo, que se produciu polo emprego das novas tecnoloxías. Queda pendente de mellorar a fluidez na información para que chegue ao mesmo tempo ás familias e ao persoal do centro que se vexa implicado en calquera das actividades programadas. Seguiremos incidindo en que o máis fácil e accesible neste caso é a páxina web do colexio.

9.5_ Equipo TIC

A integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación no currículo

Segundo a LOMCE un dos obxectivos na Educación Primaria é “iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”.

As novas tecnoloxías son un elemento na mellora da calidade do ensino que posibilitan o acceso á información



tanto ao profesorado como ao alumnado. Polo que o ordenador e as ferramentas TIC deben introducirse xa dende as aulas de infantil como unha ferramenta de traballo máis, sendo, ademais un elemento motivador das aprendizaxes.

O uso das TIC no proceso de ensino- aprendizaxe faise patente na diversidade de actividades que leva a cabo o profesorado, tanto a nivel particular (na elaboración das programacións, na procura de recursos, na elaboración de material de traballo, no emprego do correo electrónico como medio de comunicación coas familias,...) como a nivel xeral co alumnado (realización de actividades dixitais interactivas, visualización de vídeos educativos, busca de información en internet, aprendizaxe no manexo de distintos programas informáticos,...)

A LOMLOE reflicte que Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

As actividades levadas a cabo nos diferentes niveis no emprego uso dispositivos dixitais foron moi variadas, atendendo ás distintas idades dos rapaces e rapazas e aos obxectivos a alcanzar. Así traballouse o acendido e apagado dos equipos, o manexo da pizarra dixital, o manexo do rato con distintos xogos, visionado de vídeos relacionados coa temática a traballar, a realización de actividades interactivas para afianzar aprendizaxes, navegación segura por distintas páxinas web na procura de información, presentación de traballos en soporte dixital, realización de vídeos...

No curso 2017-2018 o colexio entra a formar parte do Proxecto EDIXGAL nas aulas de 5º e 6º de Educación Primaria. Isto supuxo un cambio e, polo tanto, unha mellora dos equipamentos informáticos do profesorado e do alumnado. Durante este curso 22/23 contamos cunha serie de recursos tecnolóxicos para as aulas como son 20 portátiles de mestres e mestras, tanto titores e titoras coma especialistas, once PDIs, 11 proxectores e 262 netbooks, que cobren o total de matrícula de 5º e 6º.

O feito de que 5º e 6º de Primaria conten cos netbooks EDIXGAL facilita en gran medida a integración e uso do material dixital por parte do resto do alumnado. Se ben o uso da Aula de Informática favorece este traballo, a demanda cada vez maior de integrar as TIC e mellorar as competencia dixital do alumnado fai que os recursos sexan máis demandados polo que se recorre a material obsoleto como o do antigo Proxecto ABALAR.

No actual curso produciuse a mellora da conectividade no Centro co aumento da velocidade da Internet e coa actualización dos APs do centro mellorando así a conectividade Wifi. Durante o último trimestre instaláronse



Paneis Dixitais nas aulas de Infantil, 1º e 2º de Primaria (total de 21).

Actuacións e consecución de obxectivos

A continuación valóranse os obxectivos que figuran no Plan de Integración das TIC (PXA):

Para o centro:

Implantar o uso das TIC como unha ferramenta de traballo máis no proceso ensino aprendizaxe e coñecer os seus usos básicos e as súas posibilidades para a Comunidade Educativa.	Moito
Continuar no CEIP Vales Villamarín co Proxectos E-Dixgal e Abalar.	Moito
Iniciar e desenvolver o Plan Dixital de Centro	Bastante

Para o profesorado:

Estimular ao profesorado para que introduza as TIC na súa práctica docente.	Bastante
Promover o perfeccionamento e actualización do profesorado nas TIC, como base fundamental para o desenvolvemento dos proxectos.	Bastante
Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo cotiá na aula: programacións, fichas, actividades TIC,...	Moito
Intercambiar coñecementos e experiencias a través de Internet.	Pouco (1)
Promover a busca de información a través de Internet.	Bastante
Favorecer a asistencia á Aula de Informática por parte do profesorado coa súa titoría.	Pouco (2)
Promover a aprendizaxe das posibilidades e dos recursos do Proxecto EDIXGAL	Bastante
Utilizar os recursos que proporciona o Proxecto EDIXGAL	Bastante
Desenvolver o proxecto E-Dixgal en 5º e 6º de Educación Primaria.	Moito
Colaborar na dinamización da páxina web do centro.	Pouco (3)
Solucionar os problemas técnicos máis comúns que xorden nos equipos informáticos.	Pouco (3)
Fomentar o uso do correo electrónico como medio de comunicación da comunidade educativa.	Bastante
Coñecer o funcionamento das Aulas Virtuais como ferramenta no ensino.	Moito

(1) Favorecer o emprego de opcións corporativas para o intercambio de experiencias

(2) Condicionouse esta asistencia debido á pandemia

(3) Débese realizar formación específica nestes contidos para favorecer a súa consecución

Para o alumnado:

Facilitar ao alumnado un instrumento atractivo para adquirir e afianzar coñecementos.	Moito
Utilizar a pizarra dixital como recurso para reforzar contidos curriculares.	Moito



Aprender o manexo básico do sistema operativo, os programas que se van utilizar na aula navegación por Internet, correo, etc.	Bastante
Potenciar o uso do ordenador como un medio de aprendizaxe.	Moito
Desenvolver estratexias para a busca, selección e organización da información.	Bastante
Proporcionar estratexias para o emprego seguro das tecnoloxías ao alumnado de 3º a 6º de EP	Bastante
Facilitar o emprego das TIC na atención das NEAE.	Bastante
Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper coas desigualdades sociais.	Bastante
Potenciar a utilización dos recursos a disposición do colexio polo Proxecto Abalar.	Bastante
Dotar ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria de estratexias e habilidades no uso da plataforma EVA e dos libros dixitais.	Moito
Dotar ao alumnado Educación Primaria de estratexias e habilidades no uso da Aula Virtual do centro.	Bastante

Para a comunidade educativa:

Potenciar a expresión e a participación de toda a Comunidade Educativa nas actividades do Centro: web, blogs...	Bastante
Favorecer o uso do ABALAR MÓBIL como canle de comunicación profesorado-familias.	Moito
Mellorar a competencia dixital das familias en relación ao AbalarMobil	Bastante
Integrar progresivamente a comunidade educativa no Espazo Abalar.	Moito
Dar a coñecer a plataforma EVA e o proxecto E_Dixgal ás novas familias que se incorporan ao programa e ao centro.	Bastante

Actividades propostas por niveis

Dando resposta ao obxectivo da LOMCE de “iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”, o profesorado dos distintos niveis de Infantil como os de Primaria levaron á práctica a maior parte das actividades propostas no proxecto TIC do presente curso en maior ou menor medida e mailas previstas no plan Plan Dixital onde podemos observar o seu seguimento no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/PlansCentroConvAction-buscar.action>

Dificultades atopadas e propostas de mellora

Dificultades atopadas	Propostas de mellora
Dificultade á hora de ofertar cursos motivadores para a formación do profesorado.	Recollida de propostas de formación relacionadas coas TIC's por parte dos distintos niveis ao inicio do curso escolar.



Falta de capacidade para a resolución de pequenos problemas por parte do profesorado.	Continuar coa formación formal e non formal do profesorado.
Dinamizar o emprego e xestión da páxina web por parte do profesorado.	Mellorar a formación do profesorado en Drupal. Reforzar e coordinar a xestión da páxina web por parte dos colaboradores dos niveis, equipos...
Adaptación da Aula de Informática 2º	Continuar coa xestión da distribución de zonas e centralización de recursos TIC de reserva dentro desta zona
A xestión dos antigos portátiles ABALAR para as aulas, xa que comezan a dar erros na batería e de arranque. Engádesse que estes portátiles non contan con mantemento.	Concreción e descarte do material estragado. Proposta ao inicio de curso de xestión dos equipos operativos.
Xestión das incidencias TIC	Creación dun protocolo de actuación cando se produza unha incidencia
Comunicación dos procesos e xestións	Búsqueda dun proceso de comunicación óptimo que produza unha comunicación fluida e bidireccional entre tódolos equipos, niveis ...

10. OUTROS PROXECTOS DE CENTRO

Todo gran proxecto, ademais das actuacións dos distintos equipos e departamentos que compoñen o centro, precisa desenvolver iniciativas que contribúan a acadar as metas educativas xerais, que atendan non só ao ámbito académico, senón tamén ao resto de aprendizaxes que configuran o desenvolvemento integral do alumnado, obxectivo principal de centro.

10.1_ Proxecto Edixgal

Dende o curso 2017-2018, no que o Proxecto E-Dixgal entrou nas aulas de 5º e 6º de primaria, observamos unha mellora tanto dos equipamentos informáticos do profesorado e do alumnado coma da competencia dixital e da contribución a outras competencias que nos proxectos e tarefas se van desenvolvendo. Durante este curso fóronse realizando as distintas reposicións e actualizacións do hardware e dos contidos existentes no EVA mais continúaase na adaptación dos mesmos á LOMLOE. Os obxectivos con respecto a este proxecto cumpríronse satisfactoriamente.

10.2_ Plan Dixital de Centro

No presente curso levouse a cabo a posta en marcha do Plan Dixital de Centro. O seguimento do mesmo pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/PlansCentroConvAction-buscar.action>



O documento creado atópase recollido nos anexos e foi aprobado polo Consello o 29 de xuño do 2022. No momento de finalización desta memoria o estamos pendentes da chegada de instrucións para a adaptación, modificación e creación de novos obxectivos para o Plan Dixital do curso 2023/24.

10.3_ Plan de actuacións para a igualdade de xénero

O Plan que recolle todas as medidas necesarias para unha educación xusta, igualitaria e en permanente alerta para detectar, prever e resolver calquera situación que poida supoñer un prexuízo para a formación da muller no ámbito das súas primeiras etapas tamén se levou a cabo durante este curso. As medidas que se veñen tomando, forman parte dun conxunto coherente que afecta a toda actuación no centro, tanto de forma individual como en grupo. En todos os plans e proxectos que se deseñaron a igualdade formou parte dos seus obxectivos. Xa é norma para todos/as os/as integrantes da Comunidade Educativa calquera medida que protexa os dereitos das alumnas, profesoras, nais, traballadoras, ... mulleres. Consideramos que se cumpriron os obxectivos formais da carta e, ao non ter recollidas por parte de Dirección queixas ao respecto, non houbo que intervir en ningunha situación; todas as pequenas incidencias que puideran ter xurdido resolvéronse nas titorías. O Departamento de Orientación, o Equipo Directivo e todo o claustro mostrou gran sensibilidade cara o alumnado sobre calquera aviso que se nos fixo chegar dende as familias ao respecto da violencia de xénero ou calquera actitude violenta relacionada coa igualdade.

10.4_ PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado)

Durante este curso 2022-2023 continuouse co Plan de Formación Permanente do Profesorado e gran parte do claustro se anotou a grupos de traballo. Traballáronse as liñas de acción relacionadas con diversidade, con biblioteca, co plan Dixital e coa vida saudable e sostible, desenvolvendo en cada unha delas o seu correspondente grupo de traballo. Os obxectivos propostos tanto para a formación docente como para a aplicación práctica na aula foron superados positivamente, pero debemos continuar traballando nelas para mellorar e atender as novas necesidades.

Liña 1. A liña Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe, desenvolveu un grupo de traballo de 20 horas de duración, que apostou pola súa dinamización e actualización. Tratándose dunha biblioteca con tan grande, é preciso dinamizala para volvela cada día máis visible, accesible e necesaria. A consolidación da plataforma Koha, co rexistro da totalidade de libros a formación da "Radio na biblio" para alumnado e profesorado, a activación de ELBE_2 para a totalidade do centro, ademais da organización do PDI foron os principais motivos de traballo do equipo.

Liña 2. Escola inclusiva e atención á diversidade Desenvolveu un grupo de traballo no que se formou ao profesorado sobre as características do alumnado con NEE e as metodoloxías para atendela, ademais de iniciarnos no uso dos comunicadores dinámicos, ferramenta de grande utilidade para unha parte do alumnado do



centro. O funcionamento da aula multisensorial e dos patios de cores no tempo de lecer e a aplicación de recursos do Proxecto de Educación Responsable por parte de docentes responsables nas aulas completaron os obxectivos deste grupo.

Liña 3. Liña Plan Dixital do centro. O grupo de traballo deu a coñecer e aplicou o plan dixital deseñado o curso pasado, xestionou a optimización dos recursos dispoñibles e fomentou a actividade dixital segura do alumnado.

Liña 4. Liña convivencia escolar e clima na aula. Centros saudables. Un grupo de traballo levou a cabo a formación do profesorado e a aplicación de distintas actividades nas aulas relacionadas coa saúde e a sostibilidade. A colaboración coas familias, a participación activa do alumnado e a coordinación con asociacións e institucións da contorna conseguen que, un ano máis, certos valores relacionados coa alimentación, a vida activa, o coñecemento e o respecto polo medio sexan unha marca do centro.

10.5_ Contratos Programa: ARCO E PROA.

Durante este curso 2022- 23, mantivemos o plan **PROA+**, en horario de media xornada, proporcionado pola Consellería coa axuda dos FSE, cuxo propósito é combater o abandono escolar dende as primeiras etapas e mellorar as competencias do alumnado, atendendo aspectos como hábitos de traballo, confianza, seguridade e reforzo nas materias instrumentais para obter o éxito académico necesario. A docente, especialista en PT, en colaboración co profesorado titor das aulas implicadas, coordinadas co Departamento de Orientación e coa Xefatura de Estudos, formou parte deste claustro e aportou unha mellora na atención das NEE.

A docente PROA, destinada a 18 alumnos/as de 6º de primaria, estivo durante todo o curso a media xornada, mentres que a docente ARCO, destinada ao alumnado de 4º e 5º. estivo soamente durante o primeiro trimestre apoiando a 42 alumnos/as. Foi preciso reorganizar o horario para prestar o apoio durante os dous últimos.

Observáronse melloras nos resultados académicos do alumnado, na súa seguridade e actitude cara o traballo, melloraron a súa organización e fomentaron o hábito diario de estudo. As familias, o alumnado e o profesorado implicado mostrou a súa satisfacción polo apoio prestado e pola coordinación directa coa docente responsable.

10.5_ Proxectos de innovación: CP INNOVA: EDUsaúde EDUsostibilidade

Solicitados para desenvolver proxectos de innovación educativa a través de proxectos educativos transversais, nos que se busca manter e iniciar hábitos de vida de futuro, contando coa participación activa do alumnado e coa colaboración das familias e das institucións e asociación relacionadas. O noso centro é sensible as estes valores: educación saudable e sostible son temas xa consolidados. Durante este curso, os equipos de profesorado responsables levaron a acabo actividades diversas para acadar os obxectivos propostos e dar un paso máis no novo modelo educativo, de aprendizaxe significativo e útil para que o alumnado traslade á súa vida e á sociedade actual os valores traballados.



10.5_ Proxectos de innovación: CP INCLÚE

A inclusión educativa, da que todas as comunidades educativas presumimos de ter acadado, non se mantén se non se está permanentemente vixiando. Durante este curso, un gran número de docentes atendeu moitos dos ámbitos nos que é preciso estar atentos/as. É preciso desenvolvela nas aulas con tarefas e proxectos de educación emocional, é preciso desenvolvela no tempo de lecer, deseñando xogos e posibilidade de participación para todos/as e, sobre todo, é preciso desenvolvela actuando co grupo de persoas máis sensibles, aquelas que precisan do apoio para normalizar a vida social e relacionarse nunha aula ordinaria. Unha aula multisensorial que segue aumentando a súa dotación, xogos deseñados para patios inclusivos e recursos e materiais para coñecernos, relacionarnos e proxectar a nosa imaxinación foron as metas perseguidas con este proxecto. Esperamos que cada curso que nos espera, máis docentes se unan a estas iniciativas para aplicar nas súas aulas.

10.6_ Proxecto VOZ NATURA

Un curso máis, o equipo de Mero, formado por unha representación de mestres e mestras de cada nivel, levamos adiante un proxecto medioambiental no noso centro, convencidos de que os valores sobre o coidado do noso entorno, o coñecemento do medio que nos rodea, tanto o que está preto como o máis afastado, é importante na formación educativa dos nosos cativos e cativas, tanto como as matemáticas e a educación física.

Este curso escolar é especial para o centro xa que celebra os seus primeiros 50 anos. Durante estes anos o centro cambiou moito. Entre outras cousas, ao principio non tiña horta nin invernadoiro, foise conseguindo co tempo, porque sempre houbo mestres preocupados por achegar a natureza ás aulas máis alá dos libros de texto.

Pero o equipo de Mero non está só. É un equipo vinculado ao equipo de biblioteca, e que polo tanto artella o seu programa baseándose na proposta deste. Así mesmo, coordínase co resto de equipos educativos do centro para presentar ao resto de mestres e mestras actividades conxuntas á desenvolver durante o curso escolar. Na elaboración dos produtos finais de cada trimestre intentamos empregar sempre materiais de refugallo.

Na horta de Mero, a rapazada de EI estivo moi activa durante todo o curso, podendo desfrutar das hortalizas que alí cultivan. Na horta de EP comezamos a traballar neste último trimestre e plantamos variedades de verduras.

O alumnado de 6º continuou mantendo o seu xardín aromático. Nel podemos atopar caléndula, romeu, lavanda, macela, albahaca,... Ademais preparan carteis con canaveiras e taboleiros de caixas para manter a horta o máis organizada posible. Este ano as mestras do EI decidiron crear outro horto aromático para o seu alumnado, co que estimular os sentidos. Recibirán a axuda dos veteranos de 6º.

No apartado de charlas medioambientais, contamos con Manuel Agraso, un exprofesor do centro que nos falou do mundo das abellas e da loita contra a Velutina. Manipular colmenas e preparar trampas foi toda unha experiencia.



Os amigos da Casa Grande de Xanceda tamén nos faláron da necesidade de coidar os bosques, incluso trouxeron a Rosco e animaron ao alumnado máis pequeno a facer campaña e preparar carteis.

O aproveitamento dos refugallos, a redución dos mesmos, o consumo responsable para evitar a contaminación son temas xa consolidados. O alumnado maior é quen ten que concienciar ao pequeno para continuar coa separación e reciclaxe. Fixemos papel e tivemos unha semana contedores de todo tipo de refugallo no patio do centro.

O estudo das diferentes etapas da evolución dos animais con material manipulativo tamén foi unha iniciativa comezada este curso. Esperamos continuar dotando deste tipo de material o Recuncho Fedelleiro.

Visitas ao Muncyt, a espazos naturais, a granxas, a parques medioambientais coma Sotavento enriqueceron a nosa experiencia de coñecemento do medio e dos seus recursos.

A Asociación Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo trouxo moitas oportunidades ao alumnado. O de 2º de primaria puido colaborar na creación e acondicionamento dunha charca, cna colocación de caixas- niño e na busca de animais da contorna.

O alumnado de 1º deseñou un patio andaluz para mellorar o aspecto do bibliopatio: con macetas de barro pintadas de azul e cheas de plantas floridas.

Participamos e celebramos a vendima, a chegada do outono, o Samaín, os maios, o Día Internacional das aves migratorias... un montón de celebracións relacionadas coa Natureza.

Durante o mes de novembro celebramos a ciencia na escola, o alumnado realizou experimentos nas aulas, que logo compartiu co alumnado de As Mariñas.

A colaboración familiar foi moi importante para realizar un Nadal solidario, no que o alumnado trouxo decoracións elaboradas nas casas. E o Instituto galego de consumo veu ao centro para explicarlle ao alumnado de 3º, 4º e 5º os riscos dos xoguets, dos disfraces, das etiquetas. Realizaron unha careta, que logo decoraron con materiais axeitados.

O alumnado de 5º traballou a lectura en valores, para coñecer a explotación dos menores na fabricación dos produtos que se compran, o afán por mercar e ter artigos novos e perfectos,... ademais de participar no Programa Prensa- escuela, aproveitando todo o publicado sobre diversos temas relacionados coa contaminación e o respecto polo medio.

O alumnado de 6º elaborou materiais escolares e maquetas con materiais de refugallo.

A pesares de traballar a reo durante todo o curso por sacar adiante este proxecto, sempre quedan cousas pendentes que por diferentes motivos non se poden sacar adiante.

Aínda así é unha grande satisfacción ver como este proxecto medra cada ano.

Aspectos positivos



- A participación e implicación dun maior número de profesorado e polo tanto de alumnado.
- Posibilidade dunha reunión mensual coa que coordinar a todos os niveis, recoller ou propoñer ideas.
- Participación nunha reunión mensual cos coordinadores de tódolos equipos docentes, que permite armonizar actividades.

Aspectos para mellorar

- Acondicionamento do espazo de horta no que queremos pintar o chan e colocar uns palets que permitan ter unha pequena aula exterior a carón da horta para escribir, debuxar ou ler mentres outros compañeiros/as están coidando as plantas.
- Colaboración do Departamento de Orientación do centro para facer unha horta máis accesible: queremos colocar uns paneis con pictogramas para facilitar a comunicación co alumnado.
- Elaboración de xogos con material de refugallo para poder usar no tempo de lecer, (memory, dominós,...).
- Obradoiros na biblioteca: antes da pandemia estabamos a realizar uns talleres na biblioteca sobre diferentes temáticas pero sempre empregando material de refugallo.
- Colaborar coa Asociación das Mariñas para realizar hoteis de insectos.
- Adquisición doutro composteiro, xa que un só para tanto alumnado queda moi pequeno.
- Instalación de sistemas de rego automático.
- Instalación dun sistema de recollida da auga da choiva que permita o seu aproveitamento.
- Animar a todo o profesorado para volver a utilizar o papel usado, facendo papel reciclado nas aulas.
- Acondicionamento de novos espazos verdes coa colaboración da Asociación de Nais e Pais.

10.7_ Proxecto de Educación Responsable

O proxecto de Educación Responsable, que ten como obxectivo o desenvolvemento afectivo, social e creativo do alumnado, continuou facendo melloras na convivencia das aulas. As actividades traballáronse en distintas materias e deseñáronse proxectos relacionados coa lectura-literatura e a arte, adaptadas aos grupos de alumnado e á programación xeral e aos proxectos de centro. Posto que os recursos e a formación que aporta este programa supón un beneficio para o centro, pretendemos continuar coa súa aplicación.

10.8_ Plans PROXECTA (Proxectos de Innovación educativa)

Proxecto Deportivo de Centro "VALES ACTIVO"

Continuamos este curso desenvolvendo un plan guiado polo coordinador, a cargo do profesorado de Educación Física, que desenvolve actividades tanto curriculares coma no tempo de lecer, organizando obradoiros e competicións deportivas, colaborando con entidades externas e buscando a participación activa do alumnado na



súa aplicación. Preténdense acadar os obxectivos propostos de loita contra o sedentarismo, hábitos de vida que perduren e coñecemento da alimentación e da actividade física necesaria para unha vida saudable. Precísase a sensibilización e compromiso da comunidade escolar para levar a cabo estas iniciativas e acadar os obxectivos.

11_ FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Tódolos órganos de goberno do Centro (tanto colexiados como unipersoais) desenvolveron con normalidade as súas competencias.

Agradecer o apoio recibido por parte de toda a comunidade educativa, persoal non docente e todas as entidades que dun ou doutro xeito colaboraron para acadar o mellor desenvolvemento do presente curso.

12_ ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

O profesorado desenvolveu con normalidade o seu traballo. Recibíronse cursos de formación no centro e fóra do mesmo na procura de novas prácticas metodolóxicas para a aplicación na aula e no centro.

13_ COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES.

Co Servizo de Normalización do Concello de Betanzos. Co Servizo de Turismo do Concello de Betanzos.

Co Equipo de Orientación Específico (EOE).

Co Centro de Formación e Recursos (CFR) da Coruña.

Coas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado do alumnado de Practicum.

Cos servizos de Protección Civil e Policía Local (entradas, saídas, asistencia e traslado de alumnado en distintas actividades)

Cos servizos sociais do Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne. Coa Garda Civil.

Co Centro Internacional de Gravado e Estampa de Betanzos.

Coa Cruz Vermella de Betanzos

Coa Asociación Cultural Eira Vella.

Coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos. Co Club Baloncesto Santo Domingo.

Co IES Francisco Aguiar.

Co IES As Mariñas.

Agradecemento á ANPA Brigantium e a Asociación Concilia pola súa colaboración e compromiso.

Agradecemento ao Concello de Betanzos pola súa colaboración na dotación de recursos materiais e a petición de que siga colaborando para procurar entre todos as melloras necesarias para o Centro.

14_ RECURSOS E MATERIAIS.

Avanzouse na consecución de mellores equipamentos e infraestruturas, así como na dotación do Centro, sen que isto signifique que as demandas de melloras, efectuadas ao longo deste últimos tempos por toda a Comunidade Educativa, estean xa satisfeitas.



15_ ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Practicamente a totalidade do profesorado participou no PFPP, ademais de desenvolver outras actividades formativas exteriores:

Actividades de actualización e mellora na competencia da lingua estranxeira
Actividades de adquisición e actualización de recursos e ferramentas relacionadas coas TIC e o ensino virtual
Actividades relacionadas coa atención á diversidade e á inclusión
Actividades relacionadas coa biblioteca escolar e metodoloxías didácticas activas
Actividades relacionadas coa saúde (COVID)
Curso de galego para o profesorado en prácticas
Formación inicial en igualdade para profesorado en prácticas
Formación inicial para novos docentes
Acoso escolar, prevención e tratamento

16_ ORGANIZACIÓN PRÓXIMO CURSO.

A previsión de matrícula para o curso 2022-2023 é a que segue:

Etapa	Nivel	Total
E. Infantil	4º	65
	5º	63
	6º	84
TOTAL EI		212

Etapa	Nivel	Total
E. Primaria	1º	103
	2º	103
	3º	121
	4º	110
	5º	123
	6º	110
TOTAL EP		670

TOTAL	882
--------------	-----

Segundo os datos anteriores, o número de profesorado previsto para o próximo curso 2023-2024 sería de 69 distribuído como segue:

- 14 de educación infantil.
- 29 de educación primaria.
- 4 de idioma estranxeiro: inglés
- 1 de Idioma Estranxeiro: francés.
- 4 de Educación Física (1 con EP)
- 2 de Educación Musical (1 con EP)
- 6 de Pedagogía Terapéutica.
- 4 de Audición e Linguaxe.
- 2 Orientador/a.
- 3 de Relixión Católica.